XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE AGRICULTURA Y PESCA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE

Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural: Europa inviste no rural

XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA

SERVIZO DE INFRAESTRUTURAS AGRARIAS

PROXECTO CONSTRUCTIVO DE:

CAMIÑOS SECUNDARIOS NA ZONA DE REESTRUTURACIÓN PARCELARIA GODOS

(ST-5312)

CONCELLO DE:

(CALDAS DE REIS - PONTEVEDRA)

TOMO I DE II
MEMORIA E ANEXOS Á MEMORIA

PRAZO E ORZAMENTOS:	Prazo:	6 Meses
	Base Impoñible:	167.857,08 €
	21% I.V.E.:	35.249,99 €
	Base de Licitación:	203.107,07 €

O DIRECTOR DO PROXECTO: **D. Andrés Nuñez Rajoy**
Enxeñeiro Técnico Agrícola
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

O AUTOR DO PROXECTO:
D. Alberto J. Fernández Conde
Enxeñeiro Agrónomo
ESTUDIO TECNICO GALLEGO, S.A.

DATA: **ABRIL DE 2018**

Ref: 06XA18010

TOMO I DE II – ÍNDICE XERAL
MEMORIA E ANEXOS Á MEMORIA

DOCUMENTO Nº1 – MEMORIA

ANEXOS

1- Memoria ambiental
2- Topografía
3- Trazado
4- Climatoloxía, hidroloxía e dimensionamento das ODT
5- Xeoloxía
6- Programa de traballo
7- Xustificación de prezos
8- Clasificación do contratista
9- Estudio de seguridade e saúde
10- Xestión de residuos
11- Cumprimento da DIA
12- Restauración paisaxística
13- Plan de Vixilancia Ambiental
14- Autorizacións e permisos
15- Presuposto para Coñecemento da Administración
16- Análise presupostario

TOMO II DE II – ÍNDICE XERAL
PLANOS, PREGO E PRESUPOSTO

DOCUMENTO Nº2 – PLANOS

1. Situacion e indice
2. Emprazamento
3. Planta Xeral
4. Planta de explanacion
5. Zonas de afeccion
6. Perfis Lonxitudinais
7. Perfis Transversais
8. Seccions Tipo
9. Detalles

DOCUMENTO Nº3 - PREGO DE CONDICIÓNS

DOCUMENTO Nº4 – PRESUPOSTO

MEDICIÓNS
Medicións auxiliares
Medición xeral
CADROS DE PREZO
Cadro de prezos nº1
Cadro de prezos nº2
PRESUPOSTOS PARCIAIS
Presupostos parciais
RESUMO DO PRESUPOSTO

MEMORIA

ÍNDICE DA MEMORIA

1 ANTECEDENTES 1
2 LEXISLACIÓN E NORMATIVA DE APLICACIÓN 1
3 DESCRICIÓN DA ZONA 2
3.1 Usos do chan 3
3.1.1 Agrícola (fonte: SIGA) 3
3.2 Actividades económicas 4
3.3 Sistema de comunicacións 4
4 XUSTIFICACIÓN E OBXETO DO PROXECTO 5
5 DESCRICIÓN DAS OBRAS 6
5.1 Tráfico previsto, velocidade de proxecto e elementos de xeometría 6
5.1.1 Dimensións 6
5.1.2 Bombeo 6
5.1.3 Cunetas 7
5.1.4 Radios das curvas horizontais 7
5.1.5 Pendentes máximas 7
5.1.6 Cambios de rasante 7
5.2 Localización, datos básicos e características xerais dos camiños proxectados. 7
5.2.1 Movemento de terras 9
5.2.2 Afirmado 9
5.2.3 Obras de fábrica. 9
5.2.4 Sinalización 10
5.2.5 Varios 10
6 XEOLOXÍA E XEOTECNIA 10
7 MEDIDAS DE PROTECCIÓN AMBIENTAL E XESTIÓN DE RESIDUOS 10
7.1 Espazos naturais. 11
7.2 Patrimonio Histórico-Artístico 11
8 SEGURIDADE E SAÚDE 11
9 NORMAS CONSTRUCTIVAS 11
10 PREZOS 11
11 REQUISITOS ADMINISTRATIVOS 12
11.1 Xustificación de obra completa 12
11.2 Autorizacións administrativas 12
11.3 Prazo de execución 12
11.4 Clasificación do contratista 12
11.5 Revisión de prezos 12
11.6 Prazo de garantía 12
12 DOCUMENTOS DO PRESENTE PROXECTO 13
13 PLANOS 13
14 PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TECNICAS PARTICULARES 13
15 ORZAMENTO 13
15.1 Medicións 13
15.2 Cadros de prezos 14
15.3 Presupostos 14
16 CONCLUSIÓN 14

PROXECTO DE:

CAMIÑOS SECUNDARIOS NA ZONA DE REESTRUTURACIÓN PARCELARIA DE GODOS

CALDAS DE REIS - PONTEVEDRA

1 ANTECEDENTES

A Concentración Parcelaria da Zona de **GODOS (Caldas de Reis-Pontevedra)** foi declarada de utilidade pública e urxente execución polo Decreto 252/01 de 20 de setembro de 2001.

Por resolución do 30 setembro de 2010, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental formula Declaración de Impacto Ambiental (en adiante DIA) relativa á "Concentración Parcelaria da Zona de Godos, no, concello de Caldas de Reis, Pontevedra, promovido pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural. (Clave: 2008/0113)

Con data de novembro de 2010, se redacta o Proxecto de: PROXECTO DE CAMIÑOS DE SERVICIO E OBRAS NA ZONA DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE GODOS, CALDAS DE REIS.

En decembro de 2017 a Consellería de Medio Rural encarga a **ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A.** a redacción do presente proxecto de: "CAMIÑOS SECUNDARIOS NA ZONA DE REESTRUTURACIÓN PARCELARIA DE GODOS (CALDAS DE REIS – PONTEVEDRA)"

2 LEXISLACIÓN E NORMATIVA DE APLICACIÓN

- *Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público*
- *Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.*
- *Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, que se establezan para a contratación desta Obra.*
- *Prego de Cláusulas Administrativas Xerais para a contratación de obras do Estado, segundo Decreto 3854/1970, do 31 de decembro.*
- *Prego de Prescricións Técnicas Xerais para tubos de abastecemento, segundo Orde do 28 de xullo de 1974.*
- *Prego de Prescricións Técnicas Xerais para tubos de saneamento, segundo Orde do 15 de setembro de 1986.*
- *Instrución para a Recepción de Cementos (RC-16), segundo Real Decreto 256/2016, do 10 de xuño.*
- *IAP-11 Instrución sobre cargas a considerar no proxecto de pontes de estrada.*
- *Prego de Prescricións Técnicas Xerais para Obras de Estradas e Pontes (PG-3/75), segundo Orde de 6 de febreiro de 1976.*
- *Instrución de Formigón Estrutural (EHE), segundo Real Decreto 2661/1998, de 11 de decembro, modificado polo Real Decreto 996/1999, do 11 de xuño.*
- *Real Decreto, do 15 de febreiro, polo que se aproban o Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias ITC-LAT 01 a 09.*
- *Regulamento electrotécnico para baixa tensión (Decreto 842/2002).*
- *Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais.*
- *Regulamento dos servizos de prevención.*
- *Regulamento sobre disposicións mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de Construción. (Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, B.O.E. 25-10-97)*

- *Real Decreto 105/2008 polo que se regulan a produción e xestión de residuos de construción e demolición*
- *Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados*
- *Estatuto dos traballadores*
- *Convenio colectivo Provincial da Construción*
- *Plan urbanístico vixente*
- *Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia*

Todos estes documentos obrigan en su redacción orixinal cas modificacións posteriores, declaradas de aplicación obrigatoria, a que se declaran como tales durante o prazo de execución das obras desta memoria.

Será responsabilidade do contratista coñecelas e cumprilas, sen poder alegar en ningún caso que non se lle fixera comunicación explícita ó respecto.

Ademais, teranse en conta as seguinte normas construtivas:

- Como norma xeral, adóptanse noiros en desmontes e terrapléns de pendente 1/1 e 3/2, respectivamente.
- Os terrapléns executaranse por tongadas de espesor acorde coa maquinaria a empregar para alcanzar a densidade esixida, debendo ser consolidada cada tongada antes de engadir a seguinte.
- A capa vexetal superficial, non será utilizada para a compensación de terras e verterase fóra dos límites da área de explanación do camiño e estenderase sobre as leiras colindantes en época fora de cultivo ou empregarase na rexeneración de noiros.
- Os formigóns executaranse coa resistencia característica que figura nos cadros de prezos e estado de medicións.
- A apertura de gabias en cada camiño, deberá realizarse inmediatamente logo da explanación do camiño en cuestión, ó obxecto de defendelo de posibles asolagamentos debidos ás augas superficiais.
- Respectarase a vexetación de ribeira e no caso dos camiños no entorno dos cauces fluviais os restos do desbroce e a terra vexetal se copiarán na marxe contraria o cauce.
- A contrata deberá axustarse estritamente aos prazos parciais e total de execución das obras que figuran no Prego de Condicións Administrativas de contratación que rexe para o Proxecto.
- A efectos da súa medición e abono, corresponde á Dirección das Obras catalogar todo o que expresamente non estivese establecido no Prego de Prescricións Técnicas Particulares, para o que regularase polas normas contidas na lexislación vixente aplicable a este tipo de obras.

3 DESCRICIÓN DA ZONA

A parroquia de Godos, pertencente ao Concello de Caldas de Reis está situada ao noroeste da provincia de Pontevedra.

O perímetro da zona a concentrar está formado polas parcelas incluídas nos planos parcelarios correspondentes.

A distancia da zona á capital da provincia (Pontevedra) é de 48 Km sendo 6 Km os que a separan de Forcarei, Concello ao que pertence.

Os límites desta zona son os seguintes:

NORTE:	Parroquia de Saiar do Concello de Caldas de Reis e termo municipal de Vilagarcía de Arousa.
SUR:	Termo municipal de Vilanova de Arousa e Río Umia.
LESTE:	Río Umia e parroquia de Saiar do Concello de Caldas de Reis.
OESTE:	Termo municipal de Vilagarcía de Arousa.

A superficie total é de 512-96-84 Has, a superficie de parcela a concentrar é de 467-82-30 e a superficie excluída é de 16-95-30 Has. O número total de parcelas é de 4.595, 208 excluídas e 4.387 a concentrar, pertencentes a 643 propietarios.

Caldas está situada ao noroeste da provincia de Pontevedra, na ribeira do río Umia, no punto onde se orixina o Val do Salnés, que estende as súas fértiles veigas ata o mar. Forma parte da Comarca de Caldas, tamén coñecida como Comarca do Umia, formada polos concellos de Caldas de Reis, Cuntis, Moraña, Catoira, Valga e Portas. Sendo Caldas a súa capital e concello máis poboado.

Caldas de Reis sitúase xeograficamente na latitude 42º 36' norte e lonxitude 8º 38,5'. O Código Xeográfico nos mapas é o 36650 e a súa altitude sobre o nivel do mar é de 24 metros.

Limita con Cuntis, Moraña, Villagarcía de Arousa, Catoira, Valga, Portas e Villanueva de Arousa.



A súa superficie é de 68,51 km² e a súa poboación ascende a 9825 habitantes (dato do INE 2017, 25% aproximadamente no centro urbano). A estrada N-550, A Coruña-Vigo, atravesa a vila, e única coa capital da provincia, da que dista 21 km, e con Santiago de Compostela, capital da Comunidade Autónoma, da que a separan 36 km. Precisamente, dita estrada N-550 é unha das de maior tráfico rodado, non só de Galicia, senón de toda España

DATOS DE POBOACIÓN

	Ano 2017		
Unidade Poboacional	Pobloación total	Homes	Mulleres
000000 CALDAS DE REIS	9825	4750	5075
010000 ARCOS DA CONDESA (SANTA MARINA P.)	423	206	217
020000 CALDAS DE REIS (SANTA MARÍA DE AFUERA P.)	406	193	213
030000 CALDAS DE REIS (SANTO TOMÁS P. Y SANTA MARÍA P.)	4553	2227	2326
040000 CARRACEDO (SANTA MARINA P.)	789	381	408
050000 CESAR (SAN ANDRÉS P.)	652	298	354
060000 CESAR (SAN CLEMENTE P.)	796	369	427
070000 GODOS (SANTA MARÍA P.)	569	279	290
080000 SAYAR (SAN ESTEBAN P.)	837	415	422
090000 VEMIL (SANTA MARÍA P.)	800	382	418

Godos supón o 6% da poboación municipal.

3.1 Usos do chan

3.1.1 Agrícola (fonte: SIGA)

O termo municipal de Caldas de Reis reparte a súa superficie rural entre distintos aproveitamentos forestais e agrícolas.

CONCELLO DE CALDAS DE REIS	
Uso e Sobrecarga	Superficie (Ha)
Coníferas	283,94
Coníferas asociadas con Eucalipto	3000,72
Coníferas asociadas con otras frondosas	45,44
Eucalipto	333,08
Improductivo	524,34
Labor en secano	1815,55
Matorral	800,84
Matorral asociado con coníferas	0,00
Matorral asociado con frondosas	0,00
Otras frondosas	48,64
Prados naturales	0,79
SUPERFICIE TOTAL	6.853,34

3.2 Actividades económicas

A distribución da poboación ocupada é a seguinte:

	Dato	%
Agricultura	26	3%
Industria	128	17%
Construción	118	16%
Servizos	483	64%



3.3 Sistema de comunicacións

As principais estradas do concello son:

ESTRADA	NOME TÉCNICO	TITULAR
Autopista del Atlántico	AP-9	Ministerio de Fomento
Barres (N-634) – Vilagarcía de Arousa	N-640	Ministerio de Fomento
Saiar (N-640) – Vilagarcía (N-640)	PO-305	Xunta de Galicia
Pino (N-550) – Cuntis (N-6409	PO-220	Xunta de Galicia
Caldas (N-640) – Campo Lameiro (PO-223)	PO-221	Xunta de Galicia
Caldas - Carracedo - Catoira	EP-8001	Deputación de Pontevedra
Caldas - San Clemente	EP-8002	Deputación de Pontevedra
N550 - Paradela de Bemil	EP-8003	Deputación de Pontevedra
Caldas - Vilanoviña	EP-8004	Deputación de Pontevedra
Rua Parque	EP-8005	Deputación de Pontevedra



Destas estradas a única que se atopa no entorno da Zona é a N-640 que se atopa dividindo a zona norte e a zona sur.

4 XUSTIFICACIÓN E OBXETO DO PROXECTO

Segundo a LEI 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia o proceso de reestruturación parcelaria comprende as seguintes fases:

a) Bases de reestruturación parcelaria.
b) Acordo de reestruturación parcelaria.
c) Acta de reorganización da propiedade.

No procedemento de reestruturación parcelaria tamén se inclúen as seguintes actuacións complementarias e necesarias para o seu desenvolvemento:

a) A preparación dos planos parcelarios cartográficos.
b) A elaboración do documento ambiental previo e do estudo de impacto ambiental, se é o caso.
c) A elaboración do Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria.
d) A elaboración do plan de obras.
e) A implantación dos predios de substitución.
f) A inmatriculación rexistral destes

Dentro do Plan de Obras se atopan incluídas as redes de camiños principais e secundarios, para dotar de acceso, se é o caso, os novos predios de substitución.

Froito do Proxecto de Acordo de Reestruturación da Zona de Godos xurde a necesidade de executar pequenos treitos de camiños secundarios co obxecto de por en servizo a zona.

O obxecto do presente Proxecto de Camiños Secundarios é a definición e cuantificación económica das obras necesarias para levar a cabo as actuacións referentes a:

Dotar de axeitado servizo aos novos predios de substitución, o acondicionamento de camiños existentes ou apertura de novos camiños que permitan a circulación en boas condicións de

seguridade viaria. O trazado en planta e ocupacións destes camiños é definido no Proxecto de Acordo da presente ZRP.

5 DESCRICIÓN DAS OBRAS

5.1 Tráfico previsto, velocidade de proxecto e elementos de xeometría

O tráfico previsto na zona é de moi escasa magnitude. O concepto de IMD descrito na norma vixente sobre seccións de firme aprobada polo MOPU pode non adaptarse ás características dos camiños rurais. Nela descríbese a mínima categoría de tráfico coma T42 (IMDp <25) que nos casos de camiños de concentración parcelaria é un valor demasiado elevado.

Por outra parte, a velocidade base de proxecto, que é a máxima que pode ser mantida por un vehículo illado de forma continuada en condicións de seguridade en cada tramo do camiño cando as únicas limitacións veñen impostas polas características xeométricas deste, foi determinada en función da morfoloxía da zona e do tráfico previsto. No noso caso, e considerando que nos encontramos nun terreo de ondulado a montañoso e con IMD inferiores a 25 veh/dia tomouse esta de 40 km/h. (segundo a AASHO e E. Del Barrio).

Tras determinar os valores aproximados da IMD e da velocidade de proxecto, determinouse a sección de firme que mellor se adapta ás características dos camiños sendo esta tamén resultado do froito da experiencia.

5.1.1 Dimensións

En canto a anchura dos camiños, séguense os criterios establecidos na táboa 3.1.1 do libro Camiños Rurais (R. Dal-Re):

Anchura	Camiños principais		Camiños secundarios		Camiño Terminal
	Ancho mínimo (m)	Ancho máximo (m)	Ancho mínimo (m)	Ancho máximo (m)	Ancho único *(1)*
Firme	5	6	4	5	3
Total	7	8	6	7	5

(1) Con raquetas terminais para facilitalo cambio de sentido

A maior parte dos camiños deste proxecto presentan un ancho da capa de rodaxe de 3 m., con unha lonxitude de 1,47 Qm. As actuacións en camiños de 5 m. supoñen unha lonxitude de 1,46 Qm (considerando as actuación de acondicionamento da rede principal). Tamén se acondicionarán 0,14 Qm. de dous camiños cunha anchura de 2,5 m.

5.1.2 Bombeo

O bombeo ou pendente transversal favorece a conservación do firme ao facilitar a evacuación da auga de chuvia cara ás cunetas evitando que penetre nel. En camiños con dous carrís, o bombeo farase cara a ambos os dous lados da plataforma, e en camiños dun so carril optarase por esta solución ou por ter inclinación única dependendo dos casos.

A pendente transversal a dar ao camiño depende de varios factores, como a rugosidade do pavimento, o pluviometría da zona, o tráfico, etc., pero sobre todo do seu pendente lonxitudinal. Aconséllase que a pendente transversal se calcule unicamente en función do seu pendente lonxitudinal.

Os valores límite que non deben superarse son:

- Mínimo: 1,5% (para facilitar a rápida evacuación da auga)
- Máximo 3% (para asegurar a circulación de vehículos)

Sobre a base da experiencia e a facilidade construtiva utilizarase un bombeo mínimo do 2% constante en todos os camiños que asegurará a circulación das augas cara á cuneta e a circulación segura dos vehículos.

5.1.3 Cunetas

As cunetas de proxecto, como norma xeral, serán en terra e terán una anchura de 1 m e 0,5 m. de profundidade dende a cota da capa de rodaxe.

5.1.4 Radios das curvas horizontais

Os radios de curvatura quedan limitados polo trazado definido no Proxecto de Acordo da presente ZRP.

Como norma xeral, se intenta que o radio mínimo sexa de 40 m., pero este se verá reducido en zonas puntuais por:

- En camiños onde se aproveiten antigos trazados
- En treitos para evitar grandes desmontes ou terrapléns
- Para evitar afeccións a muros ou edificacións

5.1.5 Pendentes máximas

Aínda que se poden presentar casos moi particulares nos que poida superarse o 8% de pendente, non é conveniente que se proxecten os camiños rurais con pendentes superiores. Se ben os tractores con remolque poden subir por camiños con pendentes maiores, a baixada con carga no remolque pode ser sumamente perigosa, sobre todo en días de chuvia nos que o firme se fai escorregadizo. O enganche do tractor co remolque é xeralmente articulado sobre un eixe, e un deslizamento lateral do remolque, cuxa probabilidade aumenta coa pendente, pode provocar situacións graves non desexadas.

Non obstante, e para evitar grandes movementos de terras e facilitar o posterior accesos aos predios de substitución, pode superarse a cifra citada, alcanzando ata o 15%, pero en tramos curtos e intermedios, ata 250 m., pero sempre con pendentes menores nos tramos anterior e posterior.

A pendente do 15% solo se supera nun camiño de nova apertura do presente proxecto (en dous treitos), e é:

Camiño	**Lonxitude da rampla (m)**
C-01 (dous treitos)	20,11 e 35

5.1.6 Cambios de rasante

Nos cambios de rasante, con paso dunha pendente a outra de distinta magnitude, e con igual ou diferente signo, proxectaranse curvas verticais, co obxecto de evitar o efecto de despegue ou de choque, o que facilitará ademais a visibilidade.

Os acordos faranse con curvas de trazado circular, cos seguintes raios:

$R_{cx} > 0{,}2 \cdot V^2 = 0{,}2 \cdot 40^2 = 320$ para acordos convexos

$R_{cv} > 0{,}1 \cdot V^2 = 0{,}1 \cdot 40^2 = 160$ para acordos cóncavos

5.2 Localización, datos básicos e características xerais dos camiños proxectados.

A localización, datos básicos e características xerais dos distintos camiños, atópanse recollidas e especificadas nos planos e anexos dos presente proxecto.

A lonxitude total dos camiños proxectados é de **2.081,63 m**. divididos en **1.316,34 m. (63,4%)**, de nova apertura pola realización de movementos de terras e **762,29 m. (36,6%)** onde se acondicionan camiños existentes plenamente, con movemento de terras mínimo, acondicionamento da explanación e apertura de cunetas.

ACTUACIÓNS:

CAMIÑO Nº	NOME	INICIO	FIN	ACTUACIÓN	PAVIMENTO.
1	C-01	Lim. Zona	478	Apertura	Zahorra
2	C-02	Pista Rede Principal (PRP)	527	Apertura	Zahorra
3	C-03	PRP	61	Apertura	Zahorra
4	C-04	Lim. Zona	290	Apertura	Zahorra
5	C-05	Cruc. Santiago	547	Acondicionamento	Zahorra
6	C-06	Pista a Saiar	7	Apertura	Zahorra
7	C-07	PRP	139	Apertura	Zahorra
8	C-08	Reguengo	228	Acondi	Zahorra
9	C-09	PRP	700	Apertura	Formigón
10	C-10	PRP	337	Apertura	Zahorra
11	C-11	O Queixal	204	Apertura	Zahorra
12	C-12	PRP	Sta. Catalina	Apertura	Zahorra
13	C-13	PRP	597	Apertura	Zahorra
14	C-14	PRP	206	Apertura	Zahorra
15	C-15	PRP	135	Acondicionamento	Zahorra
16	C-16	PRP	466	Apertura	Zahorra
17	C-17	PRP	700	Apertura	Zahorra
18	C-18	PRP	PRP	Acondi RP	Formigón
19	C-19	PRP	PRP	Acondi RP	Formigón
20	C-20	PRP	PRP	Acondi RP	Formigón

CAMIÑO		DIMENSIÓNS				PEDRAPLÉN			M. SEL.	ZA-25	HM
Nº	NOME	LONX (m)	OCUP.	ROD.	CUN	LONX. (m)	ESP.	ANC.	ESPESOR		
1	C-01	142,6	5	3	1				0,2	0,15	
2	C-02	43,58	5	3	1				0,2	0,15	
3	C-03	51,59	5	3	1				0,2	0,15	
4	C-04	27,18	5	3	1				0,2	0,15	
5	C-05	73,66	5	3	1	20	0,3	4	0,2	0,15	
6	C-06	47,78	2,5	2,5	0	47,78	0,4	3,5	0,2	0,15	
7	C-07	72,7	5	3	1	72,7	0,4	4	0,2	0,15	
8	C-08	95,44	4,5	2,5	1				0,2	0,15	
9	C-09	166,67	3	3	0	166,67	0,3	4	0,1		0,15
10	C-10	67,74	4,4	3	0,7	67,74	0,3	4	0,2	0,15	
11	C-11	98,74	3	3	0				0,2	0,15	
12	C-12	273,81	4,4	3	0,7	175	1	4	0,2	0,15	
13	C-13	102,83	5	3	1	52,83	0,3	4	0,2	0,15	
14	C-14	53,81	3	3	0				0,2	0,15	
15	C-15	133,19	5	3	1				0,2	0,15	
16	C-16	103,67	4,4	3	0,7				0,2	0,15	
17	C-17	66,64	5	3	1	66,64	0,4	4	0,2	0,15	
18	C-18	220	5	5					0,1		0,15
19	C-19	40	5	5					0,1		0,15
20	C-20	200	5	5					0,1		0,15

5.2.1 Movemento de terras

Valorouse o movemento de terras necesario para a execución dos camiños, así como o acondicionamento da explanada dos camiños existentes para recibir as novas capas de firme.

Previo o movemento de terras considerouse o despexe, desbroce, limpeza e destoconado do terreo, así como a retirada de 30 cm de terra vexetal.

O trazado lonxitudinal dos camiños fíxose de xeito de intentar compensar as terras por camiños, nos casos nos que non foi posible compénsanse as terras cos camiños do entorno.

Medicións globais:

Terra vexetal (m³)	Desmonte (m³)	Terraplén (m³)
2.331,00	**698,00**	**1.103,00**

Además do material de desmonte se empregará para terraplén o material que se estendeu en fase anteriores para a execución dos camiños C-18, 19 e 20, que estimouse en 2.700 m³.

A terra vexetal será empregada para o seu estendido nos noiros de terraplén de maior altura e para restauración das zonas de instalacións auxiliares ou acopios, préstamos ou vertedoiros. A que no se empregue nestes menesteres se estenderá nas marxes dos camiños.

Debido as característica da zona estímase necesario a retirada de material inadecuado e a reposición con 30-100 cm. de pedraplén nalgúns treitos de camiños. A medición total considerada é de 1.358,52 m³ que se separarán das seguintes capas de firme cun xeotextil para evitar a súa contaminación.

5.2.2 Afirmado

Como norma xeral e en base a experiencia:

Actuación	Base Material seleccionado (cm) (Art. 330, PG-3)	Rodadura Zahorra ZA 0/32 (cm.)
Nova apertura	20	15

Nos entronques dos camiños con pistas asfaltadas existentes procederase a aplicar 14 cm de macadam e triple tratamento superficial co obxecto non contaminar con terras ditas pistas. A lonxitude deste entronque será de 10 m. (estradas municipais e camiños da rede principal).

Nos camiños C-9, C-18, C-19 e C-20 procederase a realización dun firme de formigón de 15 cm (con mallazo de reparto 15x15Ø6) sobre 10 cm de material seleccionado e 5 cm de gravilla de regularización. Se aplica esta solución xa que se atopan en zona de asolagamento do Río Umia e se executarán ao nivel do terreo de xeito que o auga en épocas de enchenta circule por riba deles evitando o efecto presa dos camiños elevados nesta zona.

5.2.3 Obras de fábrica.

Considérase a execución das correspondentes obras de drenaxe transversal e lonxitudinal necesarias, que se desenvolven no Anexo nº4 Climatoloxía, hidroloxía e dimensionamento das ODTs.

Como elementos de drenaxe lonxitudinal considéranse as gabias, cruces da cuneta para desaugadoiro e evacuación de puntos baixos, salvagabias e canos para a reposición de regos. As cunetas serán en terra de 1 m. de ancho e 0,5 m. de profundidade e os cruzamentos, salvagabias e regos executaranse con canos de Ø400 e 600 mm.

Como elementos de drenaxe transversal considéranse aqueles canos e estruturas executadas en vaguadas naturais e cursos fluviais, para cuxa execución será necesario solicitar permiso a AUGAS DE GALICIA, dependente da Consellería de Medio ambiente e Ordenación do Territorio.

O diámetro mínimo a executar nestas obras será de 800 mm.

No presente proxecto unicamente será necesaria a execución duna ODT no camiño C-1 que atravesa un afluente sen nome do Río Umia. Neste caso, realizouse o cálculo do caudal de deseño polo Método Racional, seguindo o procedemento da nova Norma 5.2 – IC Drenaxe Superficial da Instrución de Estradas, aprobada por Orde FOM/298/2016, do 15 de febreiro. Considerouse como caudal de deseño o correspondente ao período de retorno de 100 anos por tratarse dun conca de achega inferior a 1 Qm² e por tratarse de vías de moi escasa intensidade.

CONCA	**Rego**	**L**	**H**	**S**	**T**	**Caudal**	**Sección**
Núm./nome	**Nome**	**Km**	**m**	**Km²**	**anos**	**m³/s**	**Ø (mm).**
C-1	Afl. Río Umia	1,15	95	0,27	100	**3,14**	**1.000**

5.2.4 Sinalización

Valoráronse sinais verticais de STOP, que se consideran necesarios para a correcta sinalización dos entronques.

5.2.5 Varios

- Previuse a colocación de dous carteis de sinalización das obras segundo modelo da Consellería do Medio Rural.
- Unha partida alzada a xustificar en imprevistos durante o transcurso das obras.
- Unha partida para o seguimento e control das posibles afeccións ao patrimonio.

6 XEOLOXÍA E XEOTECNIA

Polo tipo de actuación a realizar non se ven alteradas significativamente as características físico-mecánicas do sub-solo do terreo, polo que non se considera necesaria a realización dun estudio xeotécnico específico..

No obstante, se xurdiran imprevistos na fase de replanteo, realizarase o estudio xeolóxico pertinente.

No Anexo nº5 recóllense unha serie de recomendacións a seguir na realización do movemento de terras.

7 MEDIDAS DE PROTECCIÓN AMBIENTAL E XESTIÓN DE RESIDUOS

Por resolución do 30 setembro de 2010, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental formula Declaración de Impacto Ambiental (en adiante DIA) relativa á “Concentración Parcelaria da Zona de Godos, no, concello de Caldas de Reis, Pontevedra, promovido pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural. (Clave: 2008/0113)

Como anexo 1 inclúese unha Memoria Ambiental que recolle os posibles efectos sobre o medioambiente das actuación derivadas da execución do Proxecto e as medidas que débense aplicar para a súa minimización. No anexo nº 10 recóllese o Estudo para a Xestión dos Residuos da Obra de acordo co R.D. 105/2008 polo que se regulan a produción e xestión de residuos de construción e demolición.

No anexo nº12 (Integración Paisaxística) recóllense as medidas necesarias para lograr a maior integración ambiental e paisaxística posible das actuacións que se levarán a cabo para a execución dos camiños e que se tiveron en conta para o deseño da nova rede de camiños.

Como anexo nº13 exponse o PVA estipulado pola DIA, que recolle o Plan de Control de Calidade das Augas dos cursos fluviais e o Seguimento e control da fauna.

7.1 Espazos naturais.

Para o análise das actuacións que teñen algún tipo de afección a zonas protexidas ambientalmente comprobáronse as seguintes figuras de protección.

- Rede Natura 2000 (LIC e ZEPA)
- Parques naturais
- Parques nacionais
- Humidais de importancia internacional (RAMSAR)
- Paisaxes naturais
- ENIL Espazos naturais de interese local
- EPIN Espazos privados de interese natural
- Arbores senlleiras ou mouteiras protexidas
- Reservas de caza
- Monumentos naturais
- Hábitats (Directiva 92/43/CEE)
- Inventarios de humidais de Galicia
- Reservas da Biosfera
- Sitios de interese natural
- Cotos de pesca
- IBA (Areas importantes para las aves)

As actuacións do presente proxecto non discorren polo interior de ningún espazo definido na Rede Natura 2000.

7.2 Patrimonio Histórico-Artístico

No proxecto contémplase unha partida de MIL SEISCENTOS EUROS //1.600,00.-€// para desenrolar as labores de seguimento e control arqueolóxico por técnicos competentes durante a execución das obras.

8 SEGURIDADE E SAÚDE

Tal e como se indica no Anexo 9, inclúese no presente proxecto un Estudo de Seguridade e Saúde nas Obras de Construción.

9 NORMAS CONSTRUCTIVAS

Esixiranse as normas construtivas que aparecen no prego de condicións, ademais das normas de carácter xeral vixente.

Nos prezos unitarios entenderanse incluídos os medios auxiliares, ferramentas e dispositivos precisos para a completa terminación da obra.

As unidades de obra deben estar totalmente rematadas inda que algúns elementos non aparezan taxativamente determinados nos cadros de prezos e Orzamentos.

10 PREZOS

O cálculo de prezos das distintas unidades de obra realízanse considerando custos directos e indirectos para a súa execución.

Os prezos sinalados en letra no apartado de Cadro de Prezos, ca rebaixa que resulte na poxa ou concurso, son os que serven de base para o contrato, e o contratista non poderá reclamar que se introduza modificación algunha neles baixo ningún pretexto de erro ou omisión. Os costos de man de obra e o rendemento obtense segundo o determinado no vixente Convenio da Construción da Provincia.

Os costos dos materiais son os habituais da zona.

11 REQUISITOS ADMINISTRATIVOS

11.1 Xustificación de obra completa

Faise mención expresa a que o presente Proxecto refírese a unha obra completa, entendendo por esta a susceptible de ser entregada ao uso xeral, sen prexuízo das ampliacións de que posteriormente poida ser obxecto e comprende todos e cada un dos elementos que son precisos para a utilización da obra.

11.2 Autorizacións administrativas

Os camiños e obras situados nas zonas de concentración parcelaria non necesitan de autorizacións dos propietarios dos terreos que as ocupan.

11.3 Prazo de execución

Dadas as características das obras considérase necesario e suficiente un prazo de **SEIS (6)** meses para a correcta execución das mesmas.

11.4 Clasificación do contratista

Segundo o artigo 77 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Publico, o importe mínimo a partir do cal se esixirá a clasificación das empresas que concorran á formalización de contratos de obras é de 500.000,00 euros.

Non obstante, a modo informativo, indícase a continuación a clasificación que sería necesaria para a execución das obras.

Dado o tipo de obras a executar e que o prazo de execución é de 6 meses, a efectos de clasificación a anualidade media é o presuposto base de licitación (sen IVE) : 167.857,08 €. Correspóndelle polo tanto a seguinte clasificación:

GRUPO: **G** Viais e pistas

SUBGRUPO: **6** sen cualificación específica

CATEGORÍA: **2** anualidade excede 150.000 € e non supera 360.000 €

11.5 Revisión de prezos

De acordo co disposto no artigo 103 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, considerase que non procede a revisión de prezos para este Proxecto.

11.6 Prazo de garantía

El prazo de garantía das obras será de **DOCE MESES** contados a partir da data do día seguinte ó da sinatura do Acta de Recepción.

Do mesmo xeito terase en conta o artigo 167 do Real Decreto 1098/2001 do 12 de outubro (B.O.E nº 257 do 26 de outubro) que aprobou o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas e que se refire as obrigacións do contratista durante o prazo de garantía, sempre que ditos danos sexan imputables a contrata.

12 DOCUMENTOS DO PRESENTE PROXECTO

- DOCUMENTO Nº1 – MEMORIA

ANEXOS

1- Memoria ambiental
2- Topografía
3- Trazado
4- Climatoloxía, hidroloxía e dimensionamento das ODTs
5- Xeoloxía
6- Programa de traballo
7- Xustificación de prezos
8- Clasificación do contratista
9- Estudio de seguridade e saúde
10- Xestión de residuos
11- Cumprimento da DIA
12- Restauración paisaxística
13- Plan de Vixilancia Ambiental
14- Autorizacións e permisos
15- Presuposto para Coñecemento da Administración
16- Análise presupostario

- DOCUMENTO Nº2 – PLANOS
- DOCUMENTO Nº3 - PREGO DE CONDICIÓNS
- DOCUMENTO Nº4 – PRESUPOSTO

MEDICIÓNS

Medicións auxiliares

Medición xeral

CADROS DE PREZO

Cadro de prezos nº1

Cadro de prezos nº2

PRESUPOSTOS PARCIAIS

Presupostos parciais

RESUMO DO PRESUPOSTO

13 PLANOS

No Documento nº 2 Planos defínense as obras, e danse os detalles necesarios para a correcta interpretación das obras a executar.

14 PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TECNICAS PARTICULARES

O Prego de Prescricións Técnicas Particulares, que rexerán na execución das obras, parte da descrición das mesmas, as Normas e Disposicións legais vixentes de Obrigado Cumprimento, en canto non sexan modificadas polo Prego do Proxecto e concrétanse os materiais que hai que empregar, o seu emprego e confección das distintas unidades de obra e fíxalle o criterio de medición e aboamento.

15 ORZAMENTO

15.1 Medicións

As medicións da obra dividíronse se capítulos e cada un deles en actividades especificando dentro de cada unha delas as distintas unidades de obra.

15.2 Cadros de prezos

Nos cadros de prezos nº 1 e nº 2, as distintas unidades de obra se ordenan polo seu código e designación correspondente.

15.3 Presupostos

Ascende o Orzamento de Execución Material á cantidade de CENTO CORENTA E UN MIL CINCUENTA E SEIS EUROS CON TRINTA E SETE CÉNTIMOS //141.056,37//.-€)

ASCENDE A BASE IMPOÑIBLE Á CANTIDADE DE: CENTO SESENTA E SETE MIL OITOCENTOS CINCUENTA E SETE EUROS CON OITO CÉNTIMOS //167.857,08//.-€

ASCENDE O ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN Á CANTIDADE DE: DOUSCENTOS TRES MIL CENTO SETE EUROS CON SETE CÉNTIMOS //203.107,07//.-€.

A repercusión presupostaria total da actuación por ml é de NOVENTA SETE EUROS CON CINCUENTA E SETE CÉNTIMOS //97,57.-€//.

203.107,07 € / 2,08 Km = 97,57 €/m

A repercusión presupostaria total da actuación por Ha é de CINCOCENTOS ONCE EUROS CN CORENTA E OITO CÉNTIMOS //511,48.-€//.

203.107,07 € / 397,1 Ha = 511,48 €/Ha

Ascende o Presuposto para Coñecemento da Administración á cantidade de: **DOUSCENTOS ONCE MIL VINTE E NOVE EUROS CON NOVENTA E CATRO CÉNTIMOS //211.029,94//.-€**

BASE DE LICITACIÓN	203.107,07 €
ORZAMENTO DEL PLAN DE VIXILANCIA E SEGUEMENTOS AMBIENTAL	7.922,87 €
PCA	211.029,94 €

16 CONCLUSIÓN

Sométese o presente Proxecto á Aprobación da Superioridade ó considerar que cumpre co encargado no seu día, á vez que coas Normas vixentes que resulten de aplicación.

Pontevedra, Abril de 2018

O Enxeñeiro Director

Andrés Nuñez Rajoy
Enxeñeira Técnica Agrícola

O Enxeñeiro Autor

Alberto J. Fernández Conde
Enxeñeiro Agrónomo
Por Estudio Técnico Gallego, S.A.

VºPº
XEFA DO SERVIZO DE
INFRAESTRUTURAS AGRARIAS
XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA

María José Pérez Gil

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE AGRICULTURA Y PESCA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE

Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural: Europa inviste no rural

.

ANEXOS Á MEMORIA

ANEXO Nº1

MEMORIA AMBIENTAL

INDICE

1.- MEMORIA AMBIENTAL
1.1.- Datos básicos do proxecto:
1.2.- Listaxe de control:
2.- DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS EN CONTORNAS PROTEXIDAS
2.1.- Protección medioambientais
2.1.1.- Camiño C-9
2.1.2.- Camiño C-18, 19 e 20
2.2.- Protección patrimoniais
2.2.1.- Camiño C-1
2.2.2.- Camiño C-6
2.2.3.- Camiño C-13
2.2.4.- Camiño C-16
3.- IDENTIFICACIÓN DE IMPACTOS E RECOMENDACIÓNS MEDIOAMBIENTAIS
3.1.- Proceso de reestruturación
3.2.- Accións do proceso de execución de pistas
4.- IDENTIFICACIÓN, CARACTERIZACIÓN E VALORACIÓN DE ALTERACIÓNS OU IMPACTOS
4.1.- Identificación de accións susceptibles de producir impacto.
4.2.- Identificación de factores do medio susceptibles de recibir impacto.
4.3.- Identificación de las acciones susceptibles de generar impactos (Proxecto de camiños principais).
4.4.- Matriz de identificación de impactos
4.4.1.- Resumo dos impactos identificados
4.4.2.- Descrición dos impactos
5.- XESTIÓN MEDIOAMBIENTAL: MEDIDAS PREVENTIVAS E CORRECTORAS
5.1.- Medidas Preventivas
5.1.1.- Fase de formulación
Localización nos Plans de Bases Definitivas daqueles enclaves sensibles ao proceso de Reestruturacion Parcelaria.
Hidroloxía e cursos fluviais.
Vexetación autóctona
Terras de prados e cultivos
Terreos forestais
Deseño da nova rede viaria
Deseño de noiros: desmontes e terrapléns
Calendario de obras
Formulación de plans de emerxencia
Patrimonio Histórico e Xacementos Arqueolóxicos
5.1.2.- Fase de execución
Atmosfera
Recursos hídricos e solos
Vexetación
Fauna

Prevención de incendios
Medio socioeconómico
Paisaxe
Protección do patrimonio cultural

1.- MEMORIA AMBIENTAL

1.1.- Datos básicos do proxecto:

Título do Proxecto: CAMIÑOS SECUNDARIOS NA ZONA DE REESTRUTURACIÓN PARCELARIA DE GODOS (CALDAS DE REIS – PONTEVEDRA).

Características e localización:

A parroquia de Godos, pertencente ao Concello de Caldas de Reis está situada ao noroeste da provincia de Pontevedra.

O perímetro da zona a concentrar está formado polas parcelas incluídas nos planos parcelarios correspondentes.

A distancia da zona á capital da provincia (Pontevedra) é de 48 Km sendo 6 Km os que a separan de Forcarei, Concello ao que pertence.

Os límites desta zona son os seguintes:



NORTE: Parroquia de Saiar do Concello de Caldas de Reis e termo municipal de Vilagarcía de Arousa.

SUR: Termo municipal de Vilanova de Arousa e Río Umia.

LESTE: Río Umia e parroquia de Saiar do Concello de Caldas de Reis.

OESTE: Termo municipal de Vilagarcía de Arousa.

A superficie total é de 512-96-84 Has, a superficie de parcela a concentrar é de 467-82-30 e a superficie excluída é de 16-95-30 Has. O número total de parcelas é de 4.595, 208 excluídas e 4.387 a concentrar, pertencentes a 643 propietarios.

Caldas está situada ao noroeste da provincia de Pontevedra, na ribeira do río Umia, no punto onde se orixina o Val do Salnés, que estende as súas fértiles veigas ata o mar. Forma parte da Comarca de Caldas, tamén coñecida como Comarca do Umia, formada polos concellos de Caldas de Reis, Cuntis, Moraña, Catoira, Valga e Portas. Sendo Caldas a súa capital e concello máis poboado.

Caldas de Reis sitúase xeograficamente na latitude 42º 36' norte e lonxitude 8º 38,5'. O Código Xeográfico nos mapas é o 36650 e a súa altitude sobre o nivel do mar é de 24 metros.

Limita con Cuntis, Moraña, Villagarcía de Arousa, Catoira, Valga, Portas e Villanueva de Arousa.

A súa superficie é de 68,51 km² e a súa poboación ascende a 9825 habitantes (dato do INE 2017, 25% aproximadamente no centro urbano). A estrada N-550, A Coruña-Vigo, atravesa a vila, e única coa capital da provincia, da que dista 21 km, e con Santiago de Compostela, capital da Comunidade Autónoma, da que a separan 36 km. Precisamente, dita estrada N-550 é unha das de maior tráfico rodado, non só de Galicia, senón de toda España

DATOS DE POBOACIÓN

	Ano 2017		
Unidade Poboacional	Pobloación total	Homes	Mulleres
000000 CALDAS DE REIS	9825	4750	5075
010000 ARCOS DA CONDESA (SANTA MARINA P.)	423	206	217
020000 CALDAS DE REIS (SANTA MARÍA DE AFUERA P.)	406	193	213
030000 CALDAS DE REIS (SANTO TOMÁS P. Y SANTA MARÍA P.)	4553	2227	2326
040000 CARRACEDO (SANTA MARINA P.)	789	381	408
050000 CESAR (SAN ANDRÉS P.)	652	298	354
060000 CESAR (SAN CLEMENTE P.)	796	369	427
070000 GODOS (SANTA MARÍA P.)	569	279	290
080000 SAYAR (SAN ESTEBAN P.)	837	415	422
090000 VEMIL (SANTA MARÍA P.)	800	382	418

Godos supón o 6% da poboación municipal.

A actuacións e as súas coordenadas UTM son as seguintes:

			INICIO		FIN	
COORDENADAS		LONXITUDE (m)	X	Y	X	Y
1	C-01	142,60	524.480,26	4.715.488,02	524.541,24	4.715.395,31
2	C-02	43,58	524.601,06	4.715.104,54	524.642,36	4.715.119,05
3	C-03	51,59	524.867,32	4.715.251,70	524.902,89	4.715.289,07
4	C-04	27,18	525.121,07	4.715.093,56	525.146,73	4.715.102,50
5	C-05	73,66	525.002,88	4.714.913,31	524.933,82	4.714.932,19
6	C-06	47,78	525.175,14	4.715.009,48	525.175,25	4.714.965,91
7	C-07	72,70	524.732,40	4.714.197,88	524.797,69	4.714.319,24
8	C-08	95,44	524.402,21	4.713.828,12	524.398,98	4.713.753,32
9	C-09	165,90	524.892,29	4.713.591,32	524.928,63	4.713.475,31
10	C-10	67,74	524.336,84	4.713.595,45	524.282,87	4.713.559,30
11	C-11	98,74	524.137,21	4.713.163,63	524.052,00	4.713.214,17
12	C-12	273,81	523.424,28	4.713.420,33	523.331,03	4.713.586,77
13	C-13	102,83	523.181,31	4.713.787,45	523.257,89	4.713.718,82
14	C-14	53,81	523.753,47	4.714.099,16	523.804,16	4.714.081,10
15	C-15	133,19	523.443,06	4.714.343,37	523.534,40	4.714.423,79
16	C-16	103,67	523.107,93	4.714.195,60	523.006,84	4.714.180,73
17	C-17	66,64	523.190,22	4.714.190,10	523.170,04	4.714.126,59
18	C-18	220,00	524.840,67	4.713.518,24	524.721,34	4.713.333,78
19	C-19	40,00	524.724,03	4.713.408,26	524.755,18	4.713.389,10
20	C-20	200,00	524.907,52	4.713.642,99	524.856,60	4.713.832,72

1.2.- Listaxe de control:

				FIGURAS DE PROTECCIÓN MEDIOAMBIENTAL										FIGURAS DE PROTECCIÓN DO PATRIMONIO		
CAMIÑO	L (m)	INICIO	FIN	REDE NATURA 2000 (LIC E ZEPA)	PARQUE NATURAL OU PARQUE NACIONAL	HUMEDAL PROTEXIDO (RAMSAR)	PAISAXE PROTEXIDA	ENIL OU EPIL	ARBORES SENLLEIRAS E MOUTEIRAS PROTEXIDAS	RESERVA DE CAZA	MONUMENTO NATURAL	HABITATS (DIRECTIVA 92/43 CEE)	INVENTARIO DE HUMIDAIS DE GALICIA	XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS	CAMIÑO SANTIAGO	OUTROS ELEMENTOS ARQUITECTÓNICOS
C-01	142,60	Lim. Zona	478	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	**SI**	NON	NON
C-02	43,58	Pista Rede Princ	527	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON
C-03	51,59	PRP	61	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON
C-04	27,18	Lim. Zona	290	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON
C-05	73,66	Cruc. Santiago	547	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON
C-06	47,78	Pista a Saiar	7	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	**SI**
C-07	72,70	PRP	139	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON
C-08	95,44	Reguengo	228	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON
C-09	165,90	PRP	700	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	**SI**	NON	NON	NON	NON
C-10	67,74	PRP	337	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON
C-11	98,74	O Queixal	204	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON
C-12	273,81	PRP	Sta. Catalina	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON
C-13	102,83	PRP	597	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	**SI**
C-14	53,81	PRP	206	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON
C-15	133,19	PRP	135	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON
C-16	103,67	PRP	466	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	**SI**
C-17	66,64	PRP	700	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON
C-18	220,00	PRP	PRP	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	**SI**	NON	NON	NON	NON
C-19	40,00	PRP	PRP	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	**SI**	NON	NON	NON	NON
C-20	200,00	PRP	PRP	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	**SI**	NON	NON	NON	NON

PRECISA TRAMITACIÓN ANTE A DIRECCIÓN XERAL DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA? SI

PRECISA TRAMITACIÓN ANTE A DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO? SI

Además destas figuras, comprobáronse as que seguen:

- Reservas da Biosfera
- Sitios de interese natural
- Cotos de pesca
- IBA (Areas importantes para las aves)
- Directiva Habitats

En canto aos hábitats dentro da zona e próximos atópanse os que seguen y que se atopan ubicados no plano posterior:

HAB_LAY	CODHAB	NATURAL.	%	NOM_COMUN	GENERICO	CODUE	PRIORIT.	DESCRIPCION_CODUE
56333	551031	2	20	Prado mesófilo de diente noroccidental ibérico mesotemplado	Prados mesófilos de diente			
55396	81E025	2	20	Alisedas galaico-portuguesas	Alisedas	91E0	*	Bosques aluviales de Alnus glutinosa y Fraxinus excelsior (Alno-Padion, Alnion incanae, Salicion albae)
	621331	2	2	Esparganiales con nabo del diablo y grama de cien pies	Esparganiales			
	551031	2	40	Prado mesófilo de diente noroccidental ibérico mesotemplado	Prados mesófilos de diente			
	541038	2	10	Juncal oligótrofo atlántico	Juncales oligótrofos			
	309036	2	10	Xesteiras con tojos.	Escobonales	4090	Np	Brezales oromediterráneos endémicos con aliaga
	226011	3	1	Comunidades de Ranunculus pseudofluitans con Callitriche lusitanica	Vegetación hidrofítica	3260	Np	Ríos, de pisos de planicie a montano con vegetación de Ranunculion fluitantis y de Callitricho-Batrachion
54668	309036	2	70	Xesteiras con tojos.	Escobonales	4090	Np	Brezales oromediterráneos endémicos con aliaga



ESTUDIO TECNICO GALLEGO, S.A.	Concello de Caldas de Reis	Data: Abril de 2018	Enxeñeiro Agrónomo
	ZRP GODOS	Escala: 1:25.000	
Ref.:	MEDIOAMBIENTE	Nº: A1-1	Alberto FERNÁNDEZ CONDE col. 595



ESTUDIO TECNICO GALLEGO, S.A.	Concello de Caldas de Reis	Data: Abril de 2018	Enxeñeiro Agrónomo
	ZRP GODOS	Escala: 1:22.500	
Ref.:	PATRIMONIO	Nº: A1-1	Alberto FERNÁNDEZ CONDE col. 595

2.- DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS EN CONTORNAS PROTEXIDAS

2.1.- Proteccións medioambientais

2.1.1.- Camiño C-9

A actuación consistirá na apertura dun novo camiño de 166,67 m e 3,0 m de ancho de calzada. Será un camiño sen saída para dar acceso a 3 leiras de substitución que carecen de él e se atopan lindando co río Umia.

O afirmado consistirá en 30 cm de pedraplén, 10 cm de material seleccionado e 15 cm de formigón en pavimento sobre 5 cm de gravilla de regulación. A cota da rasante será a do nivel do terreo actual, de xeito que o novo camiño non actue como presa ante as enchentas do Río Umia.

A continuación se acompañan fotos da contorna por donde discorrerá do futuro camiño:



Seccións Tipo Formigón C-9 (nova apertura)

2.1.2.- Camiño C-18, 19 e 20

Nos tres camiño actuarase do mesmo xeito. Son actuacións que se realizarán sobre camiños xa executados en fase anteriores.

Camiño C-18: Lonxitude da actuación 220, ancho de calzada 5,0 m.

Camiño C-19: Lonxitude da actuación 40 ancho de calzada 5,0 m.

Camiño C-20: Lonxitude da actuación 200, ancho de calzada 5,0 m.

As actuacións consistirán na retirada do material estendido en fases anteriores (este material se empregará como recheo noutros camiños a executar neste proxecto) e executar un camiño a nivel do terreo natural con pavimento de 10 cm de material seleccionado e 15 cm de formigón en pavimento sobre 5 cm de gravilla de regulación. De este xeito se evitá o efecto presa que esta a realizar o camiño actual en épocas de enchenta do Río Umia, propiciando que o auga circule por riba do camiño.



Seccións Tipo Formigón C-18, C-19 e C-20 (Rede princ.)

Nota: Previamente procederase a retirada do material aportado en fase anteriores, que será empregado para recheo doutros camiños, de xeito que o camiño quede a nivel do terreo facilitando a circulación do auga en épocas de encheta

2.2.- Protección patrimoniais

2.2.1.- Camiño C-1

Os primeiros 20 m do camiño atópanse na área de cautela arqueolóxica do elemento GA36005011

CHAN DE PRADO. Chan de Prado / Devesa do Rei (San Estevo de Saiar) GA36005011.
Cartografía: Folla 1:5.000:152-44 Folla 1:20.000:152-22
Coordenadas UTM-X: 524420 UTM-Y:4715735
Emprazamento topográfico: chaira nunca pequena elevación.
Adscrición tipolóxica: indeterminada.
Adscrición cronolóxica: Idade do Bronce-Romano.
Descrición: (ver fotografía 1).
Área de formación de grandes elementos graníticos que pola súa especial disposición da lugar á formación dun recinto, sen terse atopado elementos estruturais ningún. Pola súa ubicación, nun punto de amplo dominio visual, e pola diversidade dos materiais atopados, cabe supoñer que estamos ante un lugar de ocupación estacional para diferentes culturas ao longo do tempo.
Teñen aparecido, durante as obras de mellora da estrada Vilagarcía-Caldas de Rei, doce anacos de cerámica do bronce e romano e un anaco de pulidor-alisador realizado en granito.

1.Vista do GA36005011.

Datos obtidos do Informe Valorativo do Impacto da Rede Principal de Camiños realizado polo arqueólogo D. Simón Pena Baso de febreiro de 2012.



Trátase dun camiño de nova apertura que sairá da pista asfaltada que vai a Arretén (Caldas de Reis) e os primeiros 20 m discorrerán en terraplén. A altura do Qm 0+015 se disporá un tubo de 800 mm coas súas respectivas aletas de formigón a entrada e a saida do cano.

A actuación completa terá unha lonxitude de 142,6 m e terá unha anchura de calzada de 3 m.. O pavimento consistirá en 20 cm de material seleccionado en 15 cm de zahorra artificial. É necesario executala para dar acceso a catro leiras de substitución.



Sección Tipo Xeral

2.2.2.- Camiño C-6

Toda a actuación de 48 m. de longo se atopa na zona de cautela dos elementos etnográfico ET-5, ET-6 e ET-26 (cruceiro, adro e capela de Santiaguiño).

CRUCEIRO FRANCÉS. Cruceiro de Santiago. ET-5.
Cartografía: Folla 1:5.000:152-44 Folla 1:20.000: 152-22
Coordenadas UTM-X: 525.213 UTM-Y: 4.715.171
Adscrición tipolóxica: cruceiro.
Adscrición cronolóxica: moderno-contemporáneo.
Descrición: (ver fotografía 15)
Situado no trazado do denominado Camiño Francés ou Camiño Real. Presenta unha grada formada por dous chanzos e unha vara de gran esbeltez e sección cadrada no seu inicio e octogonal no resto, coroada por un capitel de inspiración corintia sobre o que descansa unha cruz que mostra nunha cara ao Crucificado no momento do descendemento e na outra unha imaxe de Nosa Señora. O estado de conservación é bo.

15.Vista do ET-5 (Cruceiro Francés).

FRAGM. DE CRUCEIRO.Cruceiro de Santiago (Adro da Igrexa de Santiago).ET-6.
Cartografía: Folla 1:5.000:152-44 Folla 1:20.000:152-22
Coordenadas UTM-X: 525.259 UTM-Y: 4.715.130
Adscrición tipolóxica: cruceiro.
Adscrición cronolóxica: moderno-contemporáneo.
Descrición: (ver fotografía 16).
Trátase de parte dun cruceiro, concretamente as imaxes anterior e posterior (Crucificado e Piedade), sendo apreciable o arrinque dos brazos laterais da cruz a que están acaroados. Actualmente sitúase no muro de cerre norte do Adro da Capela de Santiago (a imaxe da Virxe orientada cara ao adro e a de Cristo cara ao exterior deste). Descoñécese o seu orixinal emprazamento. O estado de conservación é bo.

16.Vista do ET-6 (Cruceiro do Adro da Igrexa de Santiago).

-Casa Reitoral (de Santa María). ET-26.
Cartografía: Folla 1:5.000: 152-54
Coordenadas UTM-X: 524.339 UTM-Y: 4.714.550
Adscrición tipolóxica: reitoral.
Adscrición cronolóxica: moderno-contemporáneo
Descrición: (ver fotografía 10).
Construción executada en perpiaño de granito, de planta rectangular e teitume a dúas augas en tella cerámica do país. Sitúase ao pe da vía do tren e parece estar practicamente abandonada pola existencia de bastante vexetación no entorno.

10.Vista do ET-26 (Reitoral de Santa María.

Datos obtidos do Informe Valorativo do Impacto da Rede Principal de Camiños realizado polo arqueólogo D. Simón Pena Baso de febreiro de 2012.



Trátase dun camiño de nova apertura que sae da pista de terra que vai cara Soutelo e Gundiñans O camiño terá unha anchura de calzada de 2,5 m., no terá cunetas xa que se deseña co peralte (3%) cara ao exterior. O firme consistirá en 20 cm de material seleccionado e 15 cm de zahorra artificial. É necesario executala para dar acceso a unha leira de substitución.



2.2.3.- Camiño C-13

Os derradeiros 56 m se atopan na zona de cautela do elemento etnográfico ET-13 (Muiño de Alongra).

MUÍÑO DE ALONGRA. Alongra. ET-13.
Cartografía: Folla 1:5.000:152-54 Folla 1:20.000:152-32
Coordenadas UTM-X: 523.399 UTM-Y: 4.713.995
Adscrición tipolóxica: muíño.
Adscrición cronolóxica: moderno-contemporáneo
Descrición:
Atópase cuberto por unha abondosa vexetación o que fai imposible a súa descrición e valoración do estado de conservación. A única estrutura visible é o cubo, executado en cachotaría de granito.

Datos obtidos do Informe Valorativo do Impacto da Rede Principal de Camiños realizado polo arqueólogo D. Simón Pena Baso de febreiro de 2012.



Trátase dun camiño de nova apertura que sae da pista de terra que vai cara Santa Catalina e terá unha lonxitude de 102,83 m.. O camiño terá unha anchura de calzada de 3,0 m., e irá prácticamente a cota do terreo. O firme consistirá en 30 cm de pedraplén, 20 cm de material seleccionado e 15 cm de zahorra artificial. É necesario executala para dar acceso a tres leiras de substitución.

2.2.4.- Camiño C-16

Os derradeiros 73 m se atopan na zona de cautela do elemento etnográfico ET-15 (Muiño de O Bacelo).

MUÍÑO DE O BACELO. O Bacelo. ET-15.
Cartografía: Folla 1:5.000:152-54 Folla 1:20.000:152-32
Coordenadas UTM-X:523.171 UTM-Y: 4.714.390
Adscrición tipolóxica: muíño.
Adscrición cronolóxica: moderno-contemporáneo
Descrición: (ver fotografía 21).
Trátase dunha construción de planta cuadrangular e tellado a dúas augas. A estrutura semella responder a dúas diferentes fases construtivas: a unha primeira correspondería a cimentación, realizada en cachotaría de granito e, á segunda,o alzado, executado con posterioridade, presenta muros de granito perpiaño e rexuntes en cemento, así como gran número de fiestras, elemento pouco frecuente nun muíño. Estas dúas fases construtivas parecen relacionarse con dúas etapas no funcionamento do muíño, na primeira atopariámonos ante un muíño de noria e na segunda ante un muíño de rodicio. Cabe salientar a gran altura desde a que cae a auga da canle de abastecemento sobre o cubo, probablemente debido a transformación do primitivo abastecemento do muíño de noria.

21. Vista do ET-15 (Muíño de O Bacelo).

Datos obtidos do Informe Valorativo do Impacto da Rede Principal de Camiños realizado polo arqueólogo D. Simón Pena Baso de febreiro de 2012.



Trátase dun camiño de nova apertura que aproveita o trazado dun regadío de auga e sae da pista que une O Couto de Abaixo con O Couto de Arriba. O camiño terá unha anchura de calzada de 3,0 m., e irá prácticamente a cota do terreo, cunha lonxitude total de 103,69 m. O firme consistirá en, 20 cm de material seleccionado e 15 cm de zahorra artificial. É necesario executala para dar acceso a seis leiras de substitución.

Pola zona sur do camiño se executará un muro de bloques de pedra de granito para reducir a ocupación do terraplén. Este muro terá una altura media de 1,5 m.. Pola marxe norte do camiño se disporá un medio cano de Ø400 mm para conducir o auga que discorre polo regadío existente.



Seccións Tipo Acondicionamento C-16

3.- IDENTIFICACIÓN DE IMPACTOS E RECOMENDACIÓNS MEDIOAMBIENTAIS

3.1.- Proceso de reestruturación

O proceso de mellora da estrutura territorial ao abeiro da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial de Galicia.

A citada lei ten o obxecto de establecer os mecanismos e recursos para a mellora da estrutura territorial das explotacións agrarias de Galicia, co fin de acadar os obxectivos que se recollen a continuación:

a. *Mellorar as condicións estruturais, técnicas e económicas das explotacións agrarias en Galicia, de acordo con criterios de ordenación axeitada e sustentable delas e dos seus cultivos e aproveitamentos, calquera que sexan estes, baixo a perspectiva da súa utilidade económica e social, co fin de fixar a poboación no medio rural para facer rendible a actividade produtiva.*

b. *Establecer, para os predios que non formen parte de explotacións agrarias, medidas de agrupación, redimensionamento, mellora estrutural e de infraestruturas que faciliten a súa mobilización para uso agrario, entendendo por tal a loita contra o abandono, a formación de novas explotacións ou a incorporación ás xa existentes, prestando especial atención ao apoio á constitución de iniciativas asociativas para o aproveitamento en común, conforme o disposto no número 3.3.12.a) do Decreto 19/2001, do 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as Directrices de ordenación do territorio.*

c. *Ordenar adecuadamente a estrutura territorial agraria e mitigar os efectos prexudiciais sobre a estrutura das explotacións por causa da execución de grandes obras públicas ou de explotación de coutos mineiros.*

d. *Facilitar a adecuación territorial de áreas con elevados valores medioambientais ou paisaxísticos, ou ben coa presenza dalgún elevado risco ambiental, de tal maneira que se potencie a conservación e a*

permanencia dos ditos valores ou se reduza a potencial incidencia do risco, a través da reorganización espacial e funcional da estrutura territorial existente.

e. *Mitigar os efectos do cambio climático mediante o establecemento de medidas adecuadas e contribuír con actuacións de adaptación aos seus efectos.*

f. *Incrementar a sustentabilidade, competitividade e desenvolvemento integral do territorio rural mediante actuacións intensivas.*

g. *Incrementar a superficie das explotacións mediante a mobilización de predios de vocación agraria incluídos en perímetros en estado de abandono.*

h. *Apoiar as explotacións agrarias mediante a redución da tributación pola adquisición de explotacións agrarias e de elementos afectos e de predios rústicos.*

Para o cumprimento destes obxectivos procurarase:

a. *a) Agrupar as terras correspondentes a cada explotación, incluíndo as integradas en propiedade ou noutras formas de tenza, de tal forma que se mellore o máis posible a súa estrutura territorial.*

b. *b) Adxudicarlle a cada titular, na medida do posible, e sen prexuízo da alínea anterior, o menor número de predios de substitución, equivalentes ao conxunto das parcelas achegadas, unha vez efectuada a dedución sinalada no artigo 31 e, no caso de parcelas únicas, a recollida no artigo 32 desta lei.*

c. *c) Facilitar o acceso ás explotacións, priorizando a mellora da rede viaria existente sobre a de nova traza.*

d. *d) Establecer medidas de sustentabilidade e de protección e preservación da paisaxe e do medio ambiente.*

e. *e) Regularizar a propiedade, por medio da inmatriculación rexistral dos títulos de propiedade dos predios de substitución resultantes do proceso de reestruturación parcelaria, ademais do disposto nos artigos 56 e 57 desta lei.*

f. *f) Mobilizar para as explotacións os predios con vocación agraria en estado de abandono, facendo maior fincapé naqueles localizados nas zonas de concentración ou reestruturación parcelaria.*

g. *g) Ordenar e protexer os usos do solo con especiais aptitudes para a actividade agraria.*

A Lei 4/2015 no seu artigo 18 establece os pasos seguintes para levar a cabo o proceso de reestruturación parcelaria:

1. *O proceso de reestruturación parcelaria comprenderá as seguintes fases:*
   - *a) Bases de reestruturación parcelaria.*
   - *b) Acordo de reestruturación parcelaria.*
   - *c) Acta de reorganización da propiedade.*

2. *No procedemento de reestruturación parcelaria inclúense as seguintes actuacións complementarias e necesarias para o seu desenvolvemento:*
   - *a) A preparación dos planos parcelarios cartográficos.*
   - *b) A elaboración do documento ambiental previo e do estudo de impacto ambiental, se é o caso.*
   - *c) A elaboración do Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria.*
   - *d) A elaboración do plan de obras.*
   - *e) A implantación dos predios de substitución.*
   - *f) A inmatriculación rexistral destes.*

A presente zona a atópase na fase da elaboración do plan de obras, e en concreto na realización do proxecto construtivo de REDE DE CAMIÑOS SECUNDARIOS. O plan de obras comprende:

a) <u>Redes de camiños principais e secundarios, para dotar de acceso, se é o caso, os novos predios de substitución.</u>

b) *Accesos aos predios de substitución a partir da rede de camiños, se é o caso.*

c) *Obras de acondicionamento e mellora da estrutura dos novos predios.*

d) *Se é o caso:*

1º. *Medidas correctoras determinadas no correspondente documento ambiental.*

2º. *Acondicionamento de regadíos xa existentes, construción de novos regadíos que se establezan como necesarios, canalización de augas e defensa de marxes.*

3º. *Captación e depuración de augas e redes de saneamento.*

4º. *Cargadoiros de madeira ou biomasa.*

5º. *Puntos de captación de auga.*

6º. *Obras inherentes á execución de polígonos agrarios para orientacións prioritarias segundo o sinalado no Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria.*

7º. *Aproveitamento comunitario de enerxías alternativas e electrificación de núcleos rurais.*

8º. *Rede de pistas forestais, definidas así segundo a lexislación vixente en materia de montes.*

e) *En xeral, aquelas obras e melloras que beneficien as condicións agrarias e medioambientais da zona ou teñan por obxecto corrixir defectos nas infraestruturas agrarias.*

3.2.- Accións do proceso de execución de pistas

Dende o momento no que se aproba o proceso, aparecen expectativas nos agricultores da zona sobre o destino das súas fincas, estas expectativas derivan en accións directas sobre elementos ambientais, unha acción moi típica neste punto é a eliminación do arborado e modificación do uso do solo, intentando lograr mellores condicións no proceso e evitar a exclusión das parcelas.

As actuacións que supoñen un maior numero de afeccións e impactos son as que operan con maquinaria, estas actuacións pódense resumir en dúas, o acondicionamento de fincas e a execución de camiños de servizo ás fincas de reemprazo. Os impactos producidos dependeran do trazado seleccionado e a forma de execución das obras, deste xeito unha boa elección no trazado dos camiños minimizará a xeración de residuos, vertidos e emisións.

Establecendo unha cronoloxía lóxica na realización dos traballos, e consoante cos criterios ambientais, as principais unidades de obra implicadas na construción de vías de servizo, son as seguintes:

- Marcaxe e levantamento de trazas
- Roza e rexeitamento da vexetación (herbácea e arbustiva)
- Transporte, carga e descarga de materiais
- Retirada (escavación) da capa superficial de terra vexetal (20-30 primeiros cm de chan) e abasto desta.
- Apertura de caixas dos camiños e formación de cunetas
- Perfilado e rasanteado
- Nivelación e compactación
- Construción das subbases e bases dos camiños
- Construción de firmes e refino de cunetas
- Reposición da terra vexetal previamente acopiada.

Para a realización destas obras a maquinaria precisa, é a seguinte:

- Motoniveladoras
- Compactadotas e/ou apisoadoras
- Retroescavadoras sobre pneumáticos
- Retroescavadoras de cadeas

- Martelos hidráulicos
- Pas cargadoras sobre pneumáticos
- Estabilizadoras
- Tractor de rodas
- Tractor de eirugas
- Cribadoras vibrantes
- Camións basculantes
- Camións dúmper
- Camións grúa
- Bulldozer
- Formigoneiras
- Camión cisterna para rego asfáltico

Pola súa banda, entre os materiais máis comúns a utilizar que poden citarse encóntranse os seguintes:

- Formigóns e morteiros de cemento
- Zahorras
- Material seleccionado
- Macadam e/ou materiais reciclados (RCDs) para as bases dos camiños
- Regos asfálticos
- Estruturas prefabricadas de formigón: taxeas, cunetas, obras de fábrica para drenaxes transversais, tubos, etc.
- Madeira para encofrados

4.- IDENTIFICACIÓN, CARACTERIZACIÓN E VALORACIÓN DE ALTERACIÓNS OU IMPACTOS

4.1.- Identificación de accións susceptibles de producir impacto.

O proceso de concentración divídese en tres etapas ben diferenciadas, a continuación exporanse as accións susceptibles de producir impacto en cada unha das fases e o tipo de efecto ou efectos que provocan.

As fases do proceso de concentración parcelaria e as súas etapas detállanse a continuación:

1. **Fase de formulación**
    a. Proxecto e Acordo de reestruturación da propiedade
    b. Proxectos de infraestruturas
2. **Fase de execución**
    a. Replanteo de novas fincas e colocación de marcos
    b. Proxecto de Obras, camiños e obras complementarias.
3. **Fase de explotación**
    a. Toma de posesión das novas fincas de reemprazo
    b. Uso da rede viaria

c. Uso das obras complementarias

A partir destas etapas, preséntanse a continuación as accións inherentes ás mesmas e os impactos que estas xeran no medio ambiente, destacando en sombreado/negrita as que afectan o presente proxecto.

- **Fase de formulación**

ETAPAS DO PROCESO		ACCIÓNS SUSCEPTIBLES DE PRODUCIR IMPACTOS	EFECTOS
a. Proxecto e Acordo de reestruturación da propiedade	Bases da concentración parcelaria	Expectativas dos agricultores afectados sobre o destino futuro das súas parcelas	Eliminación do arborado. Modificación dos usos do solo: intensificación abusiva e/ou abandono das mesmas. Aumento do número de novas construcións. Mellora do coñecemento da toponimia local. Incidencia social.
	Proxecto e acordo de reestruturación	Deseño de novas fincas	Eliminacións, en etapas futuras de execución e explotación, de lindes arborados, valados de pedra, sebes, etc. entre parcelas.
b. Proxecto de infraestruturas		Planificación do novo viario	· Talla de aliñacións de árbores sobre todo nas beiras dos camiños existentes

- **Fase de execución**

ETAPAS DO PROCESO	ACCIÓNS SUSCEPTIBLES DE PRODUCIR IMPACTOS	EFECTOS
Replanteo de novas fincas e colocación de marcos	Replánteo de novas fincas	Eliminación e/ou transformación das zonas de vexetación autóctona e das sebes vexetais. Alteración da vexetación de ribeira. Eliminación de hábitats pola perda da vexetación. Impacto sobre a fauna. Impactos sobre a paisaxe. Impactos sobre os usos solo. Incidencia social. Impacto sobre o patrimonio cultural.
Proxecto de obras	Construción dos novos camiños de servizo e mellora da rede viaria actual. Mellora de infraestruturas de drenaxe	· Alteración do medio pola situación de instalacións auxiliares de obra e deposito de materiais. · Aporte de sementes alóctonas. · Modificación de relevo. · Compactación do solo. · Desestabilización de noiros. · Perda do solo. · Posibles vertidos ou perdas de lubricantes e combustibles ao terreo · Cambios nos procesos erosión-sedimentación · Aumento de po e emisións atmosféricas. · Aumento de ruídos e vibracións. · Destrución da capa vexetal · Eliminación de masas de arborado. · Eliminación de hábitats de interese. · Alteración da vexetación de ribeira. · Alteración do medio acuático · Perturbacións á fauna. · Perda de biodiversidade. · Alteración da paisaxe. · Incidencia social. · Deterioro do patrimonio etnográfico. · Impactos sobre os xacementos arqueolóxicos.

- Fase de explotación

ETAPAS DO PROCESO	ACCIÓNS SUSCEPTIBLES DE PRODUCIR IMPACTOS	EFECTOS
Toma de posesión das novas fincas de reemprazo, acondicionamento e explotación das mesmas		Mudanza de uso das fincas de reemprazo. Eliminación de árbores e vexetación autóctona. Eliminación das masas de arborado. Alteración da vexetación de ribeira. Eliminación de hábitats de interese. Impacto sobre a fauna. Alteración da paisaxe. Cambios de cultivo nas fincas de reemprazo. Intensificación da labra, mecanización e cultivo. Incremento do uso de fitosanitarios e plaguicidas, queima de restos vexetais. Perda de solo por erosión Procesos de escorrenta Perda de biodiversidade Aumento temporal do risco de incendios. Favorecer a aparición de enfermidades patóxenas Dificultar o tránsito pola zona de concentración parcelaria. Repercusións socioeconómicas da concentración. Incidencia social. Impacto sobre o patrimonio cultural. Perda do uso da toponimia local.
Uso da rede viaria e obras complementarias		· Alteracións ambientais polo aumento do tráfico rodado: po, emisións atmosféricas, ruído. · Perturbacións á fauna. · Efecto barreira para a fauna. · Incremento da mortalidade da fauna por atropelos.

ETAPAS DO PROCESO	ACCIÓNS SUSCEPTIBLES DE PRODUCIR IMPACTOS	EFECTOS
		· Repercusións socioeconómicas da concentración. · Incidencia social. · Mellora da accesibilidade ás parcelas, facilitando as condicións de explotación das mesmas. · Aumento de visitantes foráneos: turistas, cazadores... · Aumento da urbanización difusa

4.2.- Identificación de factores do medio susceptibles de recibir impacto.

A complexidade do entorno fai necesario simplificar a súa composición, deste xeito realízase unha descomposición ata chegar aos factores de relevancia, que sexan fáciles de identificar, localizar e medir. Os factores unha vez organizados e simplificados para este estudo son os seguintes:

Medio Físico-Natural	Atmosfera e clima	Calidade do aire Confort sonoro
	Xeoloxía e a xeomorfoloxía	Relevo e carácter topográfico. Edafoloxía. Contaminación de solos e subsolos Procesos erosivos
	Hidroloxía	Redes de drenaxe Temperatura de augas superficiais Augas subterráneas Áreas de descarga de acuíferos Contaminación de augas
	Vexetación	Bosque arborado Lindeiros e sebes Matogueira degradada Cultivos e prados
	Fauna	Hábitats e corredores Poboacións e especies Pautas de comportamento
	Calidade paisaxística	
	Patrimonio cultural	
	Usos do solo	Agricultura Gandería Uso de vías

Medio Socioeconómico	Poboación	Aceptación social do proxecto Estrutura da propiedade Movementos migratorios
	Emprego	
	Renda	
	Actividades económicas	
	Rede de estradas	
	Núcleos rurais	

4.3.- Identificación de las acciones susceptibles de generar impactos (Proxecto de camiños principais).

- En fase de formulación

  - Proxectos de reestruturación da propiedade e infraestruturas
    - Planificación do novo viario

- En fase de obra

  - Construción da nova rede de camiños e infraestrutura asociada
    - Sinalización e balizamento
    - Marcaxe e levantamento de trazas
    - Roza, rexeitamento da vexetación (herbácea e arbustiva)
    - Tallas de arboredo

- Escavación e abasto de terra vexetal
- Transporte, carga e descarga de materiais
- Apertura de caixas dos camiños e formación de cunetas
- Perfilado e rasanteado
- Nivelación e compactación
- Construción das subbases e bases dos camiños
- Construción de firmes e refino de cunetas
- Construción de drenaxes transversais
- Reposición da terra vexetal previamente acopiada
- Ocupación do chan por zona de instalacións auxiliares e parque de maquinaria
- Necesidade de man de obra: actividade económica e dinámica xeral das obras
- Xestión axeitada de residuos
- Eliminación de materiais, rehabilitación de danos e restauración de superficies afectadas

➢ En fase de explotación

- Ocupación de chan e presenza de viais e outra infraestrutura asociada
- Utilización da rede de camiños
- Novas prácticas agrícolas

4.4.- Matriz de identificación de impactos

FACTOR AMBIENTAL	TIPO DE EFECTO	ACCIÓNS DO PROXECTO NAS DISTINTAS FASES		
		FORMULACIÓN	EXECUCIÓN	EXPLOTACIÓN
MEDIO FÍSICO				
ATMÓSFERA/CLIMA	Cambios calidade aire (aumento de polvo en suspensión e contaminantes)		Movementos terra e escavacions Movemento de maquinaria e vehículos	Tráfico de vehículos e maquinaria agrícola
	Aumento niveis sonoros			
XEOLOGÍA, XEOMORFOLOXÍA E SOLO	Cambios no relieve		Preparación do terreo Movementos terra e escavacions Despexe e desbroce Vertidos accidentais Almacenamento/acopio materiais	Presencia de camiños
	Incremento riscos erosivos			
	Pérdida e ocupación do solo			
	Contaminación do solo			
HIDROLOXÍA	Alteracíons e modificacións das líneas de drenaxe e/ou erosións e sedimentacións nas marxes e leitos dos cursos fluviais		Movementos terra e escavacions Adecuación vías de acceso xa existentes Vertidos accidentais nalgunhas accións	Restitución de caudais recollidos polas obras de drenaxe: erosión ou sedimentación
	Incorporación de sólidos en suspensión e/ou alteración da calidade das augas suerficiais			
	Alteración o disminución da calidade das augas subterráneas			

FACTOR AMBIENTAL	TIPO DE EFECTO	ACCIÓNS DO PROXECTO NAS DISTINTAS FASES		
		FORMULACIÓN	EXECUCIÓN	EXPLOTACIÓN
MEDIO BIOLÓGICO				
VEXETACIÓN	Afección á vexetación debida á modificación da dinámica das explotacións		Despexe e desbroce do terreo Tala de arboado Movementos terra e escavacions Operacións da maquinaria Situacións accidentaiss	
	Eliminación vexetación e de hábitats de interese comunitario			
	Degradación vexetación			
	Incremento do risco de incendios			
	Perdida de hábitats naturais			
FAUNA	Alteración, eliminación ou diminución dos hábitats		Despexe e desbroce do terreo Construcción de viais Movemento de maquinaria e vehículos	Presencia de novas infraestructuras viaria Movemento vehículos
	Alteración das pautas de comportamiento			
	Eliminación directa de exemplares			
	Efecto barreira sobre a fauna terrestre			

FACTOR AMBIENTAL	TIPO DE EFECTO	ACCIÓNS DO PROXECTO NAS DISTINTAS FASES		
		FORMULACIÓN	EXECUCIÓN	EXPLOTACIÓN
MEDIO SOCIOECONÓMICO				
POBLACIÓN	Mellora no emprego		Demanda de man de obra local Obras construtivas Movemento de maquinaria	Novas prácticas agrícolas máis rentables
	Molestias á poboación			
SECTORES ECONÓMICOS	Dinamización económica		Demanda de man de obra Ocupación do solo por construción de viais	Presencia de viais e outras infraestruturas Novas prácticas agrícolas máis rentables
	Cambios no uso do solo e nos aproveitamentos do uso do solo e nos aproveitamentos e/ou uso abusivo da explotacións do solo por intensificación do laboreo, mecanización, cultivo e tratamentos fitosanitarios e plaguicidas			
	Abandono de terras			
	Novas roturacións			
	Proliferación de peches e novas construcción			
	Mellora da infraestrutura viaria e incremento da accesibilidade			
	Mellora das condicións de explotación das fincas			
	Incidencia socioeconómica da concentración parcelaria			
SISTEMA TERRITORRIAL	Alteración do planeamento urbanístico		Despexe e desbroce Ocupación do solo Tránsito de vehículos e maquinaria	Presencia e utilización da nova infraestrutura viaria
	Afección a espazos naturais			
	Afección a cotos de caza e pesca			
	Afeccións a explotacións mineiras			
INFRAESTRUTURAS	Afección a viais existentes e a outros servizos		Transporte de materiais e equipos Construción de novos viais e infraestrutura asociada	Trafico de vehículos y maquinaria agrícola
PATRIMONIO HISTÓRICO-ARTÍSTICO, ARQUEOLÓxICO, CULTURAL Y ETNOGRÁFICO	Impactos sobre a toponimia local	Elaboración de bases y proyectos de reestructuración de la propiedad	Apertura e/ou mellora de accesos Preparación do terreo Nova estrutura da propiedade	Presencia de infraestrutura
	Eliminación, deterioro e/ou transformación de muros e lindes u outros elementos tradicionais			
	Riscos de afección ó patrimonio histórico-artístico e arqueolóxico			
MEDIO PERCEPTUAL				
PAISAXE	Alteración do paisaxe		Despexe e desbroce do terreo Eliminación de elementos singulares: arbolados, sebes, muros, etc. Escavacións, terraplenados, etc. Presencia de maquinaria e instalaciones de obra Construción de viais en xeral	

4.4.1.- Resumo dos impactos identificados

Da matriz de identificación de impactos, pódense extraer a grandes trazos os factores ambientais e socioeconómicos susceptibles de recibir impacto, sexa positivo ou negativo, deste xeito configurase a seguinte lista onde cada impacto é facilmente recoñecible:

- Alteración da calidade do aire.
- Aumento dos ruídos e perda de confort sonoro.
- Modificación do relevo.
- Alteración e contaminación da edafoloxía da zona.
- Alteración da calidade da auga dos cursos fluviais.
- Procesos erosivos e de escorrenta superficial.
- Impactos sobre a vexetación.
- Impactos sobre a fauna.
- Impactos sobre a paisaxe.
- Alteración dos usos do solo.
- Variación no risco de incendios forestais.
- Risco de perda ou alteración do patrimonio histórico.
- Incidencia social, modificación do emprego da zona e variación nos niveis de renda.

4.4.2.- Descrición dos impactos

- Alteración da calidade do aire

A afección producida levarase a cabo sobre todo na fase de execución das obras inherentes a concentración parcelaria e na fase de explotación, o tránsito de maquinaria pesada, os movementos de terra, os amoreamentos de materiais extraídos… na fase de obra aumentará o nivel de po na atmosfera e puntualmente o nivel de emisións por parte da maquinaria empregada, na fase de explotación espérase un aumento e intensificación da explotación dos predios e un aumento da mecanización dos labores do campo debido a mellora na accesibilidade as fincas de reemprazo, estas accións traerán consigo un aumento do po atmosférico debido ao transito de maquinaria agrícola e a súa vez un aumento das emisións atmosféricas.

- Aumento dos ruídos e perda do confort sonoro.

Esta afección desenrolase nas mesmas fases que a anterior, ademais a perda de confort sonoro esta relacionada estreitamente coas actividades xeradoras de afección no apartado anterior, deste xeito a alteración do confort sonoro na ZRP deberase ao transito de maquinaria na fase de obra e a intensificación da mecanización dos labores agrícolas ou forestais na fase de explotación, aínda que esta perturbación restrinxirase a un horario diúrno xa que non se levaran tarefas de obra nin de explotación agrícola ou forestal en horario nocturno.

- Modificación do relevo

A construción de novas pistas inflúe na morfoloxía da zona de estudo, os movementos de terras asociados a fase de execución tamén son susceptibles de alterar o relevo natural. Na construción das novas pistas crearanse desmontes e terrapléns que afectaran ao relevo da zona e alteraran a paisaxe orixinal.

- Alteración e contaminación da edafoloxía da zona

A apertura de novas pistas, na fase de execución, o amoreamento de materiais, e depósitos de sobrantes, levan consigo a eliminación ou compactación da capa de terreo máis superficial, isto provocará unha afección sobre a edafoloxía de non se tomar medidas preventivas.

A posible incidencia sobre os solos é debida principalmente aos movementos da maquinaria, e moi especialmente aos producidos co obxecto da apertura e conservación dos accesos ás parcelas. Así, durante a execución das obras, pódese provocar a rotura dos horizontes superiores do perfil edáfico, o que supón que este quede exposto aos procesos erosivos (erosión hídrica e erosión eólica), ao quedar desprotexido da cobertura vexetal, e a unha degradación do chan orixinada secundariamente (empobrecemento, perda de produtividade, perda de chan) que impida ou atrase o posterior desenvolvemento da vexetación propia da área.

A probabilidade de que se produza este fenómeno é directamente proporcional á pendente e inversamente proporcional ao grao de cobertura vexetal existente (especialmente de especies arbustivas e arbóreas, debido á profundidade radicular). Por outra banda, son os chans máis pobres, os que máis incidencia presentan ao desencadeamento deste tipo de procesos.

A altitude e a pluviometría son variables que tamén interveñen de forma directamente proporcional.

- Alteración da calidade da auga dos cursos fluviais

A calidade da auga poderá ser alterada durante a fase de execución das obras.

A magnitude destas alteracións dependeran sempre do uso do medio, do estado da vexetación de ribeira e da pendente.

En canto as augas subterráneas, o risco de contaminación é similar ao das augas superficiais, aínda que ten o agravante de ser unha contaminación moi difícil de detectar, difusa case sempre e moi difícil de recuperar, como no caso anterior, a magnitude da posible alteración dependerá de factores como a profundidade do solo, se a zona esta próxima a un manancial ou se esas terras son encharcadas.

Estas afeccións reducíranse respectando os límites das zonas máis sensibles.



ESTUDIO TECNICO GALLEGO, S.A.	Concello de Caldas de Reis	Data: Abril de 2018	Enxeñeiro Agrónomo
	ZRP GODOS	Escala: 1:22.500	
Ref.:	HIDROLOXIA	Nº: A1-2	Alberto FERNÁNDEZ CONDE col. 595

- Procesos erosivos e de escorrenta superficial

Estes procesos erosivos comezan pola perda dos mecanismos do protección do solo como son a cuberta vexetal, xeomorfoloxía e estado do solo. Os efectos debidos a erosión por escorrenta superficial pódense notar durante a fase de execución e durante a fase de explotación debido aos procesos de alteración dos mecanismos de protección do solo, esta afección traducírase en novos niveis de escorrenta segundo o estado do medio, e nos casos máis graves, incluso pode levar a cambios nos leitos fluviais e no cursos dos regatos. Tamén pode existir o risco de encharcamento e inundación de zonas que antes estaban libres deste fenómenos.

- Impactos sobre a vexetación

Na fase de formulación existe un risco de eliminación de vexetación, sobre todo de especies forestais autóctonas, ben para a súa venda ou uso propio do dono, e poder así ocupar eses terreos con especies de aproveitamento forestal ou outros cultivos.

Na fase de obras producíranse os impactos máis importantes sobre a vexetación, debido á apertura de novos camiños, eliminación de lindeiros vexetais, a continuación da talla masiva de árbores autóctonos debido a incerteza dos propietarios ante o inminente cambio de propiedade das parcelas.

- Impactos sobre a fauna

Os impactos sobre a fauna producíranse durante a etapa de execución das obras e durante a fase de explotación. Durante o momento das obras pódese levar a cabo unha diminución na diversidade faunística, debido a destrución directa de hábitats.

Ademais deste aspecto produciranse impactos negativos sobre a fauna, tanto terrestre como acuática. Isto dará lugar ao desprazamento temporal cara a espazos próximos doutras especies, que atoparán hábitat similares no ámbito máis próximo. A comunidade ictícola verase tamén afectada polo incremento da turbidez ou ben polo aterramento de zonas empregadas para a reprodución destas especies, causado polos movementos de terra e/ou amoreamentos.

Os hábitats acuáticos poden verse alterados por problemas de contaminación da auga superficial debido ás verteduras que poidan chegar a producirse.

A xeración de ruídos na fase de obras debido fundamentalmente ao movemento da maquinaria, pode asustar ou espantar á maioría das especies, e incluso os enclaves de reprodución dalgunhas especies (por exemplo as rapinas) poderían ser abandonadas. A consecuencia desta destrución ou modificación de hábitats podería chegar a ser a diminución da biodiversidade, ou a diminución tamén permanente ou temporal das poboacións da zona, o que podería producir alteracións ecolóxicas difíciles de predicir.

Durante a fase de explotación as afeccións provocadas sobre a fauna débense ao aumento da accesibilidade á zona. O aumento da accesibilidade da zona pode levar asociado un efecto indirecto debido ao aumento da presión cinexética o que pode levar a moitas especies a desprazarse cara outras áreas próximas que ofrezan un maior refuxio.

- Impactos sobre a paisaxe

Na fase de formulación as expectativas dos propietarios poden levalos a eliminar vexetación arborada e/ou modificar os usos do solo, o que levara a unha alteración da paisaxe tradicional.

Na fase de obra a construción de pistas, a modificación das fincas, a eliminación da vexetación, a eliminación de sebes e cercados ou muros de pedra e o cambio de cultivos, leva asociado unha perda de valores paisaxísticos propios do medio rural galego. Para evitar o deterioro paisaxístico o proceso de concentración debera contemplar medidas de integración paisaxística como por exemplo respectar o trazado dos principais camiños, conservar os muros de parcelas e cando non sexa posible utilizalos como delimitadores de novas fincas.

- Alteración dos usos do solo

Na fase de execución prodúcese o cambio sobre todo en superficies arboradas con especies autóctonas, pódense dar situacións de eliminación destas cubertas vexetais (aínda que non son moi frecuentes na zona de estudo) ou abandono das terras, estas accións terán efectos secundarios a nivel de fauna e paisaxe.

O final do proceso esperase unha mellora na explotación das terras, recuperando zonas de matogueiras que foron abandonadas, isto supón unha recuperación de solos abandonados que non contan con ningún tipo de coidado.

- Variación no risco de incendios forestais

O proceso de concentración xerará unha nova configuración xeofísica que permitirá crear un espazo con zonas de vexetación coidada e un maior uso das terras que anteriormente se atopaban abandonadas e con alto risco de provocar incendios forestais, ademais a mellora e creación de pistas facilitará o acceso ás labores de extinción e actuará as veces de cortalumes. Se non se procura a explotación sostible e coidadosa dende o punto de vista medioambiental, o risco de incendios aumentara aínda que se dean as vantaxes citadas anteriormente.

- Risco de perda ou alteración do patrimonio histórico

O proceso de concentración leva asociadas accións susceptibles de danar ou eliminar o patrimonio histórico cultural, sobre todo os xacementos arqueolóxicos que son os que con máis probabilidade se atoparan sen identificar no monte, ou aínda que se atopen identificados e catalogados o seu estado de conservación resulta pésimo polo que son dificilmente apreciables no campo, os procesos que afectarían ao patrimonio poderían ser os procesos de instalación de pistas e acondicionamento de parcelas.

Débense identificar tódolos elementos catalogados e os que se atopen na prospección realizada no proceso de concentración para evitar as afeccións dos mesmos.

- Incidencia social, modificación do emprego da zona e variación nos niveis de renda

A concentración parcelaria supón un beneficio para os propietarios das terras que queren traballar o campo pero que nas condicións actuais de fragmentación parcelaria lles resulta practicamente imposible. A concentración traerá un aumento no emprego da zona o que posibilitara unha fixación da poboación, creando unha actividade estable ligada ás terras.

A concentración parcelaria traerá un aumento da produtividade, xa que posibilitara o aumento da mecanización na explotación das parcelas e o uso de mellores técnicas para traballar a terra, isto provocara un aumento do rendemento por hectárea, aumento das inversións e cambios no valor do solo o que afectara indirectamente no sector servizos.

Por estes motivos o proceso de concentración parcelaria é visto con bos ollos polos habitantes da zona.

5.- XESTIÓN MEDIOAMBIENTAL: MEDIDAS PREVENTIVAS E CORRECTORAS

5.1.- Medidas Preventivas

5.1.1.- Fase de formulación

Localización nos Plans de Bases Definitivas daqueles enclaves sensibles ao proceso de Reestruturacion Parcelaria.

Na fase de formulación establécese a elaboración dun levantamento topográfico da zona parcelaria afectada. Durante a realización dos mesmos efectúase un importante traballo de campo que pódese usar para delimitar de forma máis precisa as áreas sensibles dentro da zona de concentración parcelaria, como son a vexetación de ribeira e as formacións de vexetación autóctona, sobre as que se proporán as medidas oportunas de integración.

Hidroloxía e cursos fluviais.

No Real Decreto 849/1986, de 11 de abril, modificado e ampliado polo R.D. 606/03 de 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do Dominio Público Hidráulico, no capitulo II, artigo 4, establece que o leito natural dunha corrente continua ou descontinua é o terreo cuberto polas augas nas máximas crecidas ordinarias.

Neste Real Decreto establécense dúas zonas de protección lonxitudinal ao leito, unha é a **zona de servidume** de cinco metros de ancho para uso público cos seguintes fins:

- Paso para servizo do persoal de vixilancia do leito.
- Paso para o exercicio de actividades de pesca fluvial.
- Paso para o salvamento de persoas ou bens.
- Varado e amarre de embarcacións de forma ocasional e en caso de necesidade.

A outra zona de protección é a zona de policía de cen metros de ancho, que condiciona o uso do solo e as actividades que se desenvolvan, como son:

- As alteracións substanciais do relevo natural do terreo.
- As extraccións de áridos.
- As construcións de todo tipo, teñan carácter definitivo ou provisional.
- Calquera outro uso ou actividade que supoña un obstáculo para a corrente en réxime de avenidas ou que poida ser causa de degradación ou deterioro do dominio público hidráulico.

O tamaño dos cursos fluviais que pasan pola zona de estudo non é moi grande, os regos máis importantes son o Rego do Albeiro, que discorre polo Noroeste da zona a concentrar formando límite natural coa parroquia de Fisteus e o Rego Cabalar que discorre polo Sureste da zona a concentrar formando límite natural ca parroquia de Vilariño.

As medidas preventivas neste apartado pódense resumir como segue a continuación:

- Evitar a modificación do actual réxime hidrolóxico da zona, permitir a libre circulación das augas e respectar as formacións de ribeira.

e co obxecto de non impedir a migración da fauna acuática e manter a conectividade ecolóxica:

- Fundir o fondo do cano no leito natural do cauce.
- Dispor un cano máis ancho co cauce natural, cun leito estable.

Vexetación autóctona

As formacións de frondosas autóctonas constitúen unha unidade de alto valor en calquera lugar da comunidade autónoma de Galicia, conforman espazos onde se atopa a vexetación máis naturalizada e son un obxectivo a preservar dentro do proceso de concentración parcelaria, aínda que na zona de estudo non son moi abundantes, debese ter en conta que a presenza de formacións autóctonas reflicte, en moitos dos casos, o estado de abandono de parcelas onde se desenvolvían cultivos ou pastos, nestes espazos e nos que están máis protexidos polas súas características xeográficas é onde se desenvolve a maioría da vexetación autóctona da zona de concentración parcelaria, o resto do territorio está ocupado por especies de crecemento rápido de aproveitamento forestal como o eucalipto e piñeiro, por terras de cultivo, zonas de matos e núcleos rurais.

Esta peculiaridade na distribución das masas autóctonas, tradúcese nunha fragmentación das formacións vexetais que dificulta a súa delimitación e posterior protección, ante a imposibilidade de delimitar superficies susceptibles de protección e que puideran quedar excluídas do proceso de concentración parcelaria, proponse as seguintes medidas:

- Evitarase a eliminación de vexetación autóctona durante a fase de formulación e execución.

- Delimitación das parcelas con vexetación autóctona para que no proceso de concentración recaian nos mesmos propietarios e así se manteña a riqueza que posúen.

Terras de prados e cultivos

Sobre as terras de cultivo é onde máis se vai incidir durante o proceso de concentración, a mellora do acceso ás mesmas, o deseño dos novos predios, a nova rede viaria… son accións que deberan contar coas medidas necesarias para atenuar os impactos seguindo unha serie de directrices:

- Conservación de sebes vexetadas e lindes arboradas, estas estruturas son importantes dende o punto de vista ecolóxico xa que teñen unha importante función como corredor biolóxico. Serán obxecto de conservación as sebes que conteñan exemplares con especies de frondosas nobres.

Terreos forestais

As partes da zona de concentración parcelaria que se dedican ao cultivo de especies de aproveitamento forestal tamén van a sufrir os mesmos impactos que as terras de cultivo, a súa vez dentro da matriz que forman os terreos forestais poden existir elementos a conservar que, como no caso anterior, contan cunhas características de tamaño e localización que non aconsellan a súas exclusión como medida preventiva.

Os terreos forestais da zona de concentración están bastante definidos nas dúas especies dominantes, eucalipto e piñeiro polo que non existen moitos elementos a conservar, pero as medidas preventivas serán as mesmas cas citadas no apartado anterior no caso de identificar elementos merecedores de conservación.

Deseño da nova rede viaria

Un dos factores de modificación máis importantes no proceso de concentración é o da creación da nova rede viaria para poder dar acceso directo as novas fincas de reemprazo. Como primeira medida preventiva e para lograr unha integración paisaxística da rede de novos trazados é a conservación da maior parte da rede de camiños existentes, deste modo a apertura de novos camiños reducirase ao mínimo posible.

Para o trazado de novos camiños tivéronse en conta as seguintes premisas para minimizar os seus impactos no terreo:

- Favorecer o desenvolvemento económico e social na zona e a mellora das explotacións existentes, dando lugar a masas de terreo con dimensións tales que permitan definir no seu momento fincas de substitución con formas e dimensións óptimas, en base á estrutura actual da propiedade.
- Deseñar as trazas da nova rede viaria aproveitando ao máximo a rede viaria existente, para así minimizar o acceso ás fincas e conservar, na medida que sexa posible, todo tipo de valados, lindes arboados… o que permitira a integración paisaxística e minimizar o seu impacto visual.
- Evitar trazados que discorren por zonas de alto valor natural ou afecten a elementos paisaxísticos ou vexetais singulares.
- As rasantes dos novos camiños axustáronse o máis posible ás do terreo cun trazado relativamente uniforme, deixando a menor diferenza de cota posible entre o camiño e os terreos colindantes, co obxecto tanto de permitir un bo acceso ás fincas de substitución, como de non orixinar grandes taludes que incidan negativamente desde o punto de vista paisaxístico.

- Evitáronse os longos trazados rectos.
- A densidade da rede é a mínima indispensable para acadar os obxectivos propostos, racionalizando o seu deseño para obter o máximo aproveitamento nas operacións agrícolas e silvícolas.
- Os novos camiños serán utilizados principalmente por tránsito agrícola e forestal, este tipo de vehículos precisan de espazos suficientes para a manobra en xiros e anchuras mínimas en traxectos rectilíneos. O parque de maquinaría do municipio e o que pode ser demandado no futuro esta formado por vehículos de pequenas ou medianas dimensións, polo que as amplitudes necesarias serán medias ou reducidas. A premisa fundamental é a de aportar o máximo servizo ocupando o menor solo posible, así evitaranse anchos innecesarios, firmes excesivos ou trazados reiterativos.
- No caso dos muros de pedra, intentouse apoiar un dos marxes do camiño sobre o valado existente.
- Desígnase un emprazamento para a situación dos parques de maquinaria e zonas de amoreamento de materiais nunha zona de baixo valor ambiental e, en todo caso, o tratamento paisaxístico das zonas afectadas incluírase no presuposto de execución como unha partida máis das obras. As zonas máis axeitadas serán as que proveñan de ocos de extracción de materiais de obra debido ao seu grado de alteración.
- As zonas por onde pasan as liñas do tecido eléctrico poden ser consideradas como lugares por onde pasar novas trazas sempre e cando as condicións morfolóxicas o permitan.

Todas estas medidas están encamiñadas para minimizar o impacto que se poida producir polas obras na paisaxe e demais factores ambientais da ZRP.

Deseño de noiros: desmontes e terrapléns

Á hora de realizar a nova rede viaria establécense noiros nas beiras da mesma, estes integraranse dende o punto paisaxístico evitando a formación de formas planas ou regulares, perfís planos ou rectos e arestas vivas nos bordes superiores dos noiros.

Calendario de obras

Antes de comezar a fase de obras establecerase un calendario para o desenrolo das mesmas, no que se estuden as accións propias de cada etapa e se identifiquen os impactos provocados por cada unha co fin de reducir o impacto causado polas mesmas.

Un factor a ter presente neste calendario é a fauna, evitarase realizar as actividades máis importantes da fase de execución durante a noite e en épocas críticas do ano (apareamento, cría…), deste xeito desenvolveranse as obras en horario diúrno e evitando os meses de abril a xuño por ser os máis críticos para a reprodución e cría das especies faunísticas.

Así mesmo hai que ter en conta as molestias que se lle van a ocasionar a poboación da zona e aos posibles visitantes, polo que o feito de non realizar traballos nocturnos tamén é aplicable neste caso.

Para evitar ao máximo a perda de solo por erosión, a afección aos recursos hídricos por aporte de sedimentos, desestabilización de noiros… recoméndase concentrar o groso das tarefas de obra no verán por ser a época de menor precipitación.

Formulación de plans de emerxencia

Antes do comezo das obras establecerase un plan de control e seguimento de residuos xerados e un plan de emerxencia que estipule o protocolo a seguir en caso de accidentes ou situacións de perigo.

Patrimonio Histórico e Xacementos Arqueolóxicos

Todos os elementos de Patrimonio poderán ter dous tipos de restricións, unha protección integral onde se limitaran as actividades a realizar, quedando excluídas na fase de obras e permitíndose só as actividades tradicionais de cultivo compatibles coa conservación do ben, quedando prohibidas as parcelacións urbanas, movementos de terra, as obras de nova planta, modificación de estrutura ou aspecto exterior das edificacións existentes, a primeira utilización dos edificios e a modificación do uso dos mesmos, a demolición de construccións…

O outro grado de restrición é o de área de respecto ou cautela, onde as actividades deberán estar sometidas a decisión da Dirección Xeral de Patrimonio.

Os elementos catalogados deberán sinalarse antes do inicio da obra para evitar a afección dos mesmos durante a fase de execución

5.1.2.- Fase de execución

A continuación resúmense as medidas preventivas na fase de execución atendendo a cada elemento do medio afectado:

Atmosfera

- *Ruídos:* as medidas adoptadas para reducir o impacto do ruído provocado pola maquinaria empregada na obra pasan polas seguintes:
  - A maquinaria limitarase as áreas restrinxidas para o seu tránsito e a súa labor, estas áreas deberan planificarse de xeito que se afasten o máis posible dos núcleos rurais e dos cursos fluviais.
  - O horario de traballo sempre será diúrno, evitando as molestias durante o período nocturno, ademais as tarefas que impliquen uns maiores niveis sonoros efectuaranse durante as horas centrais do día.
  - A maquinaria empregada na fase de obra deberá contar coas certificacións de homologación e mantemento das mesmas, cumprindo a normativa de emisión de ruídos e gases.
  - En caso de dúbida sobre a emisión real da maquinaria e a que se establece nas certificación de cumprimento da normativa relativa a emisión de gases e ruídos, poderase solicitar medición normalizada conforme ao establecido na normativa comunitaria.
  - Recubriranse con goma as caixas abatibles e/ou elementos metálicos para evitar o ruído do impacto do material contra os mesmos.
  - Efectuarase un estudo acústico antes do inicio das obras que servira como nivel de referencia para comparalo con outros estudos acústicos durante a fase de obras, mínimo un cada 4 meses, co obxecto de respectar os límites establecidos na lexislación municipal, autonómica e estatal en materia de ruídos.

- *Emisión de po:* o levantamento de nubes de po polo traballo das maquinas ou polo efecto do vento sobre os amoreamentos de material procedente das escavacións é outro dos impactos a ter en conta, as medidas previstas para previr este aspecto son as seguintes:
  - Rego mediante camións cisternas das pistas onde se esta a efectuar o traballo co fin de evitar o levantamento de nubes de po, estas regas deberán ser máis frecuentes se as condicións meteorolóxicas son de seca ou con fortes ventos.
  - Evitarase o amoreamento de materiais finos en zonas desprotexidas do vento.
  - A velocidade na zona de obras deberá ser moderada.
  - Empregaranse lonas para cubrir os camións de transporte e as pilas de amoreamento de materiais.
  - Humedecer os materiais antes do seu transporte.

- Lavar as rodas da maquinaria de obra antes de saír da mesma.
- Realizar a descarga dos materiais dende alturas inferiores a un metro, sempre que sexa posible.
- Evitarase o paso polos núcleos de poboación e en caso de ser preciso farase nas horas menos molestas para os veciños e a unha velocidade moderada.

Todas estas medidas serven para evitar un empeoramento da calidade do aire na zona de obras, se ben o impacto e puntual e fugaz sobre a poboación non o é sobre a vexetación que podería ver afectados os seus procesos fisiolóxicos debido a deposición de po nas súas follas, os niveis atmosféricos deberán cumprir os límites impostos pola lexislación relativa á calidade do aire, en concreto o **Real Decreto 102/2011, do 28 de xaneiro, relativo á mellora da calidade do aire**.

Todos os residuos que se xeren deberán ser xestionados en función da súa natureza e conforme á lexislación vixente, primando a reciclaxe ou remprego frente á vertedura. Os envases baleiros de calquera tipo de residuo ou próduto perigoso deberán ser depositados en contedores habilitados dentro dun Sistema Integrado de Xestión de Envases ou entregados a un xestor autorizado. No caso de conter produto, xestionaranse de acordo coa lexislación vixente.

No presente proxecto achégase o Estudo de Xestión de Residuos como anexo nº10.

2.4.-Protección da fauna, vexetación e hábitats (apar 6).

2.4.1.-Fase de formulación (apar 6.1)

Áreas con valores naturais (apar. 6.1.1)

Serán obxecto de especial atención no tocante a súa preservación·e adopción de todas as medidas protectoras e correctoras necesarias, así como obxecto intenso seguimento e vixilancia ambiental, os elementos e áreas sensibles sinalados no punto 3.1 da DIA, que deberán ser balizados ou sinalizados durante o replanteo da obra.

Así mesmo, no caso de detectar algún valor natural non considerado ata o momento (para o cal se efectuarán as prospeccións previas que resulten oportunas), procederase a súa delimitación e á adopción das medidas precisas para garantir a súa preservación, comunicando o achádego ao correspondente Servizo Territorial de Conservación da Natureza. Terase en conta que non se poderá afectar a formacións distintas ás descritas no estudo de impacto ambiental ou nesta Declaración sen antes facer a correspondente consulta.

- *No relativo ás carballeiras e sobreirais (códigos 9230 e 9330), cabe destacar pala súa extensión a carballeira existente no contorno da Igrexa de Sta. María de Godos.*
- *Respecto da vexetación de ribeira (código 91 EO*), atópase asociada principalmente ao río Umía, pero tamén aparece, en mellar ou peor estado de conservación, nalgún dos cursos de menor entidade (regos do Cíchorro e O Cauto de Arriba ou o de Cadorra).*

Ademais.do anterior, consídereraranse elementos e áreas sensibles a conservar o máximo posible:

- *O contorno dos cursos fluviais e a súa vexetación de ríbeira (nunha banda de 10 m como mínimo a cada lado do leito, desde a liña de máxima enchente) aínda que non constitúa o hábitat 91 EO* ao que se fai referencia no punto 3.1.1.*

- *As árbores e rodais singulares, as sebes, os lindeiros arborados e arbustivos de límite entre parcelas, os corredores ecolóxicos e ecotonos, as especies vexetais e faunísticas endémicas, singulares e/ou protexidas (atendendo especialmente ás que estean incluidas nos Catálogos nacional e galego de especies ameazadas), os valados de pedra, a paisaxe agrícola tradicional galega e, de non estar contempladas entre as anteriores, calquera outra área ou zona identificada como de interese ambiental no estudo de impacto ambiental (Plano n° 8).*

Ao longo de todo o proceso de concentración, pero especialmente no deseño final da rede viaria e na configuración dos predios de substitución, adoptaranse todas as medidas necesarias. Ademáis das recollidas no Estudo de Impacto Ambiental e as establecidas nesta Declaración co fin de evitar ou minimizar a afección ós citados elementos.

Terase en conta tamén a presenza de rutas de senderismo, areas recreativas, miradoiros e calquera outra infraestrutura ou instalación para o tempo de lecer. Calquera modificación destes elementos requirirá autorización do concello e do órgano correpondente da administración autonómica. Esta afección deberá estar recollida nos proxectos que se realicen na zona, de non ser así. estarase ao establecido no apartado 9.2.3 desta Declaración.

O trazado en planta dos camiños no é obxecto do presente proxecto xa que é establecido polo Proxecto de Acordo da presente zona de Reestruturación Parcelaria. De todos os xeitos se fai mención a:

- Non se contemplan actuacións na contorna da Igrexa de Santa Maria de Godos
- Unicamente as actuacións C-09, C-18, C-19 e C-20 atópanse na planimetría dentro do hábitat 55396

HAB_LAY	CODHAB	NATURAL.	%	NOM_COMUN	GENERICO	CODUE	PRIORIT.	DESCRIPCION_CODUE
55396	81E025	2	20	Alisedas galaico-portuguesas	Alisedas	91E0	*	Bosques aluviales de Alnus glutinosa y Fraxinus excelsior (Alno-Padion, Alnion incanae, Salicion albae)
	621331	2	2	Esparganiales con nabo del diablo y grama de cien pies	Esparganiales			
	551031	2	40	Prado mesófilo de diente noroccidental ibérico mesotemplado	Prados mesófilos de diente			
	541038	2	10	Juncal oligótrofo atlántico	Juncales oligótrofos			
	309036	2	10	Xesteiras con tojos.	Escobonales	4090	Np	Brezales oromediterráneos endémicos con aliaga
	226011	3	1	Comunidades de Ranunculus pseudofluitans con Callitriche lusitanica	Vegetación hidrofítica	3260	Np	Ríos, de pisos de planicie a montano con vegetación de Ranunculion fluitantis y de Callitricho-Batrachion

As actuacións C-18, C-19 e C-20 se realizarán sobre camiños xa existentes (rede de camiños principais) e consistirán na retirada do material aportado en fase anteriores, perfilado e compactación da base e aplicación de formigón en pavimento (a = 5 m.) de xeito que a auga circule por riba del en épocas de crecida, xa que se atopa en zona de inundación do Río Umia. De este xeito se evita o efecto presa que fai o camiño actual.

A única actuación de nova apertura é a C-09 e se actuará do mesmo xeito, apertura de caixa e formigón en pavimento a cota do terreo (a = 3 m.)

- No caso dos acondicionamentos de camiños existentes manteranse o muros de pedra tradicionais existentes e no caso dos camiños de nova apertura que se apoien en camiños existentes e exista muros nas dúas marxes o camiño se ensanchará caro o muro que se atope e peor estado. O mesmo ocorrerá en caso de existir exemplares arbóreos nas marxes dos camiños, os camiños se ensancharán cara a marxe con menor número, máis novas ou en peor estado.
- Dentro da zona de concentración non se atopan miradoiros, sendeiros dos recollidos no Catálogo das Paisaxe de Galicia. Unicamente se atopa discorrendo sobre a N-640 e PO-531 a Ruta da Camelia que non se verá afectada.

Paso canadenses. (apar. 6.1.2)

No caso de que nalgún dos camiños sexa necesario habilitar pasos canadenses para impedir o paso de gando, deberán preverse medidas que posibiliten o escape dos pequenos vertebrados que poidan caer ao foxo, podendo consistir, sen prexuizo doutras igualmente efectivas, nunha rampla de subida ao facer o foxo cun dos dous laterais abertos

No presente proxecto non se considera necesario a execución de pasos canadenses.

2.5.-Protección do patrimonio cultural (apar. 7)

Levaranse a cabo as medidas protectoras e correctoras que figuran na Memoria Técnica da Prospección Arqueolóxica intensiva (achegada como separata ao estudo de impacto ambiental), aceptadas pala Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, cos seguintes condicionantes:

a) Ademais dos elementos reseñados na memoria de prospección arqueolóxica debe terse en canta que no ámbito afectado pala concentración parcelaria se localizan unha serie de bens arquitectónicos aos que non se fai referencia na mesma, e que é necesario que se incorporen ao catálogo do patrimonio cultural:

Igrexa parroquial de Santa María.
Casa Reitoral.
Capela de Santiaguiño. O Cruceiro.
Capela de Santa Catarina.
Casa do Murido. A Revolta.
Cruceiro do Adro da Igrexa.

b) Non se poderán executar pistas de novo trazado nas áreas de protección integral dos elementos do patrimonio cultural.

c) A realización de pistas de novo trazado e a ampliación das existentes na área de protección dos elementos do patrimonio cultural terá caracter excepcional e, en todo caso, requirirá a elaboración dun estudo de detalle do contorno do elemento afectado, considerando este contorno como as áreas de protección fixadas no artigo 30 das NNCCSS de planeamento. Este documento deberá incluir:

- *Descrición dos camiños existentes na zona, con indicación das súas características, ancho de ocupación e capa de rodadura.*
- *Reportaxe fotográfica dos mesmos.*
- *Identificación, nunha planimetría de detalle, de cada un dos camiños existentes, así como das pistas que se pretenden executar nese ámbito.*
- *Distancias entre cada unha das obras proxectadas e os bensdo patrimonio cultural afectados por estas.*
- *A rede de camiños deberá proxectarse aproveitando ao máximo os camiños existentes, evitando a apertura de novas pistas. De proxectarse camiños de nova traza nestas zonas, deberá xustificarse a necesidade da súa implantación.*

d) Como medida adicional é necesario que, unha vez se defina cada proxecto que integra a concentración parcelaria (Proxectos de Rede Viaria, de Acondicionamento de Fincas, e Proxectos de Obras Complementarias, se os houbese) e previamente ao inicio das obras de cada un deles, o promotor remitirá á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, para o seu informe, unha avaliación do impacto de ditos proxectos sobre os elementos do patrimonio cultural localizados na zona de concentración. Estes documentos deberán estar asinados por técnico competente na materia. / e) Terase en canta que unha vez informados pala Dirección Xeral do Patrimonio Cultural os documentos aos que se fai referencia no punto anterior, en todo o ámbito da zona de concentración parcelaria deberá realizarse un control e seguimento arqueolóxico durante as fases de replanteo, de execución de obra e de restitución dos terreas. Para tal fin, e previamente ao inicio das obras, elaborarasé un proxecto arqueolóxico que terá que ser autorizado pala Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

Como anexo a dito proxecto arqueolóxico deberase recoller, na cartografía que empregue o persoal da obra durante o transcurso da mesma, un plano no que figuren as áreas de risco arqueolóxico, coa localización dos elementos do patrimonio cultural xunto coas súas áreas de exclusión e cautela (obxecto do control e seguimento arqueolóxico). Dito plano incorporará os textos necesarios para a súa interpretación

f) Como medida xenérica, nas áreas de protección dos bens do patrimonio cultural non se poderá realizar ningún tipo de obras relacionadas co proxecto que non estean previstas na documentación avaliada (parque de maquinaria, instalación de casetas, acopios de terras e materiais, etc.).

g) No deseño dos proxectos de rede viaria, de concentración parcelaria e de acondicionamento de fincas deberán terse en conta, procurando a adopción das medidas oportunas para a súa conservación,

preservación e recuperación, os antigos camiños e corredoiras, valados de pedra, muros de peche tradicionais, etc, que configuran funcional e estruturalmente a paisaxe galega e caracterizan cultural mente o territorio.

h) Elementos etnográficos tales como fontes, lavadoiros, cruceiros, pasadoiros, pozos, muiños, etc, deberán quedar en masas comúns.

i) En base aos resultados das actuacións arqueolóxicas en cada unha das fases do proceso, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, como organismo competente na materia, decidirá sobre a conveniencia de establecer outras medidas de protección. Terase en canta que na fase de replanteo se revisarán os impactos e se valorará a aplicación das correspondentes medidas correctoras.

j) Os traballos arqueolóxicos terán que ser levados a cabo por técnicos arqueólogos competentes, de acordo coa Lei 8/1995, do 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.

Achégarase co presente proxecto o Estudo e avaliación do impacto cultural intensivo do proxecto de camiños", que inclúe a Prospección Arqueolóxica Intensiva realizada por el arqueólogo D. Ignacio A. Crespo Liñeiro.

Os seguintes camiños ou treitos atópanse en zonas de protección patrimonial:

- **Camiño C-01: Os primeiro 20 m. se atopan dentro da zona de cautela do xacemento GA36005011**
- **Camiño C-06: Todo o seu trazado 47,7 m se atopan dentro da área de cautela da Capela de Santiaguiño (ET-28)**
- **Camiño C-13: Os derradeiros 55 m. se atopan dentro da área de cautela do Muiño de Alongra (ET-13)**
- **Camiño C-16: Os derradeiros 73 m. se atopan dentro da área de cautela do Muiño do Bacelo (ET-15)**

2.6.-Integración paisaxística (apar. 8)

2.6.1.-Proxecto de integración paisaxistica (apar. 8.1)

Redactarase un proxecto de integración paisaxística axustado ó proceso de concentración parcelaria no que se desenvolvan e presuposten detalladamente os labores de restauración e integración paisaxística necesarios para maximizar a integración ambiental das actuacións. Na elaboración deste proxecto atenderase a criterios de coherencia ecolóxica e paisaxística e terase en conta o seguinte:

- *En canto as especies a empregar:*
  - *Serán autóctonas, tendo sempre presente para a súa implantación as circunstancias edafolóxicas e climáticas da zona a restaurar e que procedan (sexan árbores ou arbustos, matas e/ou herbáceas) da mesma zona ou similar, segundo criterios bioxeográficos, litolóxicos, de vexetación potencial e climáticos, e tendo en canta o disposto na Orde de 17 de marzo de 2005, da Consellería de medio ambiente pola que se aproba a delimitación e determinación dos materiais de base para a produción de materiais forestais de diversas especies no territorio da comunidade autónoma de Galicia.*
  - *Deben ser compatibles co hábitat no que se van implantar. O hábitat, localización ou estación vai estar definido pola interdependencia ou interrelación do clima,· factores fisiográficos (topografía, pendentes, altitudes, exposición), solo ou substrato (perfil, textura, fauna e flora, ciclos de nutrinte, etc.), e factores bióticos.*
  - *Deben ser compatibles entre si, no espazo e no tempo, aplicándose no seu caso os tratamentos oportunos, é dicir, a competencia intra e interespecifica entre as especies que se implanten deben permitir e posibilitar o éxito da restauración, adoptándose ademais, para acadar este obxectivo, os tratamentos que sexan precisos (clarees, rozas, etc.).No caso ele que fora precisa a eliminación dalgún pé de especies arbóreas autóctonas procurarase que sexan replantadas na medida do posible empregándoas na restauración. De todos modos recomendase a súa preservación actuando unicamente sobre exemplares mortos ou moi enfermos.*
- *No caso de que fora necesario a eliminación dalgún pé de especies arbóreas autóctonas procurarase que sexan replantadas na medida do posible, emprengándoas na restauración. De todos modos recoméndase a súa preservación, actuando únicamente sobre exemplares mortos ou moi enfermos.*
- *Maximizarase a diversidade da zona de restauración, tendo sempre presentes as superficies a restaurar e os hábitats presentes.*

Achégase co presente proxecto o anexo nº12 "Proxecto de integración paisaxística".

2.7.-Plan de seguimento e vixilancia ambiental (apar. 10)

2.7.1.-Redacción do programa de vixilancia e seguimento ambiental. (apar. 10.2)

Redactarase un novo programa de vixilancia e seguimento ambiental que considerará todos os supostos de impactos avanzados no estudo de impacto ambiental, todos aqueles que xurdan ó longo da fase de formulación e todos os derivados do cumprimento do condicionado desta DIA.

O dito programa levarase a cabo ó obxecto de garantir ó longo do tempo o cumprimento das medidas protectoras e correctoras contempladas na documentación avaliada e no condicionado da Declaración. e levar a cabo novas medidas correctoras acordes coas novas problemáticas xurdidas.

O conxunto de actuacións executables que se integren na documentación, incluíndo aquelas referentes ás actuacións ambientais e sobre o patrimonio, deberán quedar convenientemente reflectidas en planos de escala adecuada e estar dotadas das partidas orzamentarias correspondentes, que terán o seu reflexo no capitulo de orzamento do Proxecto de Concentración Parcelaria.

Será responsabilidade do órgano substantivo que o programa que finalmente se desenvolva neste sentido, permita acadar os fins sinalados no paragrafo anterior. Asemade teranse en canta as seguintes consideracións:

- *Co obxecto de acadar a máxima coordinación e eficacia no cumprimento desta declaración deberá designarse un responsable do cumprimento da mesma.*
- *Todas as medicións e/ou analíticas do programa de vixilancia deberán ser realizadas por organismos de control autorizados ou entidades homologadas, e os resultados deberán vir asinados por un técnico de dita entidade.*
- *Fixaranse para todas as fases, os indicadores ambientais, a periodicidade dos controis e os umbrais, (admisible, de alerta e inadmisible) que se vaian a empregar en cada caso.*
- *As tomas de mostras e as medicións deberán ser representativas, polo que se realizarán durante os labores con maior incidencia sobre os indicadores obxecto de control.*
- *Se durante a realización do programa de vixilancia e seguimento ambiental se detectasen impactos imprevistos ou alteracións que superen os umbrais establecidos na lexislación aplicable, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural propoñerá as medidas correctoras precisas. De poñerse de manifesto a existencia de impactos ambientais severos ou críticos, o comunicará a esta Secretaria Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental*
- *No Programa de Vixilancia Ambiental a redactar, se incluirá un "Plan de Control de Calidade das Augas e Funcionamento das Estruturas de Drenaxe", que contemplará as seguintes actuacións:*
    - *Plan de control da calidade das augas dos cursos fluviais afectados polas obras, aplicable tanto á fase de execución das mesmas, como á posterior a estas ata o momento en que se constate ausencia de afeccións. Seleccionaranse puntos de tomas de mostras augas arriba e augas abaixo de cada unha das zonas. Considereranse. como mínimo. os seguintes parámetros pH, temperatura, sólidos, osixeno disolto, conductividade, presenza de aceites ou hidrocarburos*
      Terase en canta que previamente ao inicio das obras deberá levarse a cabo unha campaña preoperacional co obxecto de dlspoñer dun branco para comparación cos posteriores resultados das analíticas. Os resultados da dita campaña incorporaranse aos informes do programa de vixilancia ambiental.
    - *Labores de vixilancia do funcionamento das estruturas de drenaxe e do mantemento do réxime hidrolóxico preexistente, tanto para a fase de obras como para a de explotación, tendo en conta o exposto no punto 4.3 da DIA.*
    - *A realización das prospeccións necesarias para a detección da presenza ou non de Ameixa perlífera de río Margaritifera margaritifera, nos cursos fluviais existentes na zona de concentración. En caso positivo, adaptarase o plan de seguimento da calidade das augas para un efectivo control dos tramos concretos onde se atope a especie.*

Achégase co presente proxecto o anexo nº13 “Plan de vixilancia ambiental”.

3.-COPIA DA DÍA

Achégase a continuación copia do da Resolución do 30 se setembro de 2010, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental formula Declaración de Impacto Ambiental relativa á “Concentración Parcelaria de Godos, no concello de Caldas de Reis, Pontevedra, promovido pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural. (Clave: 2008/0113)

EIA07 – TAH017

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

San Lázaro s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

XACOBEO 2010 Galicia

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL FORMULADA POLA SECRETARIA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL EN DATA 30 DE SETEMBRO DE 2010, RELATIVA Á CONCENTRACIÓN PARCELARIA DA ZONA DE GODOS, NO CONCELLO DE CALDAS DE REIS (PONTEVEDRA), PROMOVIDA POLA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL. (CLAVE: 2008/0113).

ANTECEDENTES

Por solicitude dos veciños da parroquia de Godos (Caldas de Reis, Pontevedra), a Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias (actualmente Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural) iniciou un proceso de concentración parcelaria na devandita parroquia, que afecta a unha superficie dunhas 460 ha das 520 que ocupa a parroquia.

A zona de concentración limita:

- **Norte:** Parroquia de Saiar (Concello de Caldas de Reis).
- **Sur:** Parroquia de Baión (Concello de Vilanova de Arousa).
- **Leste:** Río Umia.
- **Oeste:** Parroquias de Cea e Rubiáns (Concello de Vilagarcía de Arousa).

O proxecto está incluído no grupo 1.a (proxectos de concentración parcelaria agás os incluídos no anexo I) do anexo II do Real Decreto Lexislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Avaliación de Impacto Ambiental de proxectos, que establece, no seu artigo 3.2, que os proxectos comprendidos no citado anexo II só deberán someterse a unha avaliación de impacto ambiental cando así o decida o órgano ambiental en cada caso, téndose que axustar a dita decisión aos criterios que figuran no seu anexo III. O proxecto cualificouse como sometido ao trámite de avaliación de impacto ambiental en base aos seguintes criterios:

- A superficie da zona obxecto de concentración é relevante.
- Na zona a concentrar existen formacións de frondosas autóctonas (carballeiras, unha delas de certa extensión, e algunha sobreira) en dous ou tres puntos da parroquia, e bandas de vexetación de ribeira asociadas aos cursos fluviais da zona, principalmente ao río Umia pero tamén presentes nalgún dos de menor entidade (regos do Cichorro, O Couto de Arriba ou o de Cadorra). Algunhas das unidades de vexetación identificadas na zona constitúen hábitats naturais de interese comunitario (carballeiras galaico-portuguesas, sobreirais de *Q. suber* e vexetación pioneira sobre rochedos silíceos).
- Detectouse a presenza de Tartaraña cincenta (*Circus pygargus*), ave rapaz protexida pola lexislación vixente e vulnerable aos procesos de concentración parcelaria por nidificar no solo en ambientes mixtos de cultivo e matogueira.
- Como consecuencia da execución da rede de camiños de concentración e da reordenación de parcelas poderán producirse alteracións na rede de drenaxe natural e no réxime hidrolóxico actual da zona a concentrar, así como episodios erosivos que afectem aos solos e provoquen un arrastre de partículas que afecte á calidade das augas dos cursos fluviais que discorren pola zona de concentración.
- Posible afección a elementos do patrimonio cultural, tanto arqueolóxico como etnográfico.

No **Anexo I** da presente Declaración inclúese un resumo da actuación e das características da zona de concentración e no **Anexo II** un croquis da zona a concentrar.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL
DILIXENCIA.- Para facer constar que a presente fotocopia é reproducción fiel e exacta de seu orixinal
Santiago,

Asdo.: Alberto Rodríguez Garrido

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

San Lázaro s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

En cumprimento do establecido regulamentariamente, con data 11 de decembro de 2008 publícase no DOG (nº 240) a Resolución do 17 de novembro de 2008, da Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias, pola que se somete a información pública o estudo de impacto ambiental da concentración parcelaria da zona de Godos (Caldas de Reis, Pontevedra), non constando a presentación de alegacións durante o período de exposición pública.

Con data 9 de xullo de 2010 recíbese na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas o expediente ambiental do proxecto, remitido pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural como órgano substantivo por razón da materia, no que se inclúen o certificado de exposición pública e os seguintes informes dos distintos organismos consultados:

ORGANISMO CONSULTADO	RECIBIDO	NON RECIBIDO
Dirección Xeral de Montes	X	
Dirección Xeral de Conservación da Natureza	X	
Dirección Xeral do Patrimonio Cultural	X	
Augas de Galicia	X	
Concello de Caldas de Reis		X

Cumprimentada a tramitación ambiental, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, como órgano ambiental e no exercicio das competencias que lle atribúe o Decreto 316/2009, do 4 de xuño, formula, aos sós efectos ambientais, a Declaración de Impacto Ambiental (DIA) da concentración parcelaria da zona de Godos, no concello de Caldas de Reis (Pontevedra), promovida pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural.

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL

Examinada a documentación que constitúe o expediente, esta Secretaria Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental considera que o proceso de concentración parcelaria da referida zona é ambientalmente viable sempre que se cumpran as condicións que se establecen na presente DIA, ademais das incluídas no estudo de impacto ambiental, sen prexuízo do cumprimento doutras normas vixentes que poidan impedir ou condicionar a súa realización. No caso de que exista contradición entre o indicado no estudo e o establecido na presente Declaración, prevalecerá o disposto nesta última.

Ademais do obrigado cumprimento do estipulado nesta DIA, se se manifesta calquera tipo de impacto non considerado ata o momento, este órgano ambiental, por iniciativa propia ou por proposta do órgano substantivo, poderá ditar, aos sós efectos ambientais, condicións adicionais ás establecidas neste documento.

Estas condicións poderán ser revisadas de oficio ou por solicitude do promotor co obxecto de incorporar medidas que acheguen unha maior protección ao medio. Ademais disto, o promotor poderá solicitar a súa revisión naqueles supostos que tecnoloxicamente presenten graves dificultades para a súa implantación ou impliquen modificacións importantes na actividade, sempre e cando as novas medidas permitan acadar os obxectivos e fins da DIA. Neste caso o promotor proporá ao órgano ambiental novas medidas ou condicións, entregándolle para iso unha solicitude de modificación das condicións establecidas na DIA e/ou no estudo, achegando tamén toda a información necesaria que xustifique a dificultade de cumprir coas condicións aprobadas nesta Declaración e que a relación das novas medidas propostas cumpren cos obxectivos e fins da Declaración. As obras non poderán comezar ata que se reciba unha comunicación desta Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL
DILIXENCIA.- Para facer constar que a presente fotocopia é reproducción fiel e exacta de seu orixinal

Así mesmo, tal e como se recolle nesta Declaración, elaboraranse os seguintes estudos que darán control do cumprimento da mesma:

Santiago, 01 OCT. 2010

Asdo.: Alberto Rodríguez Garrido

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental
San Lázaro s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

- Programa de Vixilancia Ambiental, que se desenvolverá nas fases de formulación, execución e explotación.
- Proxecto de Integración Paisaxística.
- Proxecto arqueolóxico das obras a realizar (Avaliación de Impacto Cultural).

Para todo o contido nesta Declaración entenderase por:

- Fase de formulación, a realización dos seguintes documentos:
  - Con respecto á distribución das parcelas: o Proxecto e o Acordo de concentración parcelaria.
  - Con respecto á execución de obras: o Proxecto de Rede de Camiños e Obras Inherentes á Concentración, Proxecto de Acondicionamento de Fincas e Outros Proxectos de Obras Complementarias (se os houbese).
- Fase de Execución:
  - Replanteo de novas fincas e colocación de marcos.
  - Construción de camiños e obras inherentes á concentración.
  - Construción de obras complementarias.
- Fase de Explotación:
  - Execución do acordo: toma de posesión das novas fincas.
  - Uso da rede viaria e obras inherentes á concentración parcelaria.
  - Uso das obras complementarias.

As obras inherentes e complementarias son aquelas descritas como tales no *Título VI: Obras e Melloras Territoriais* da Lei 10/1985, de Concentración Parcelaria de Galicia, modificada por Lei 12/2001 (en adiante Lei de Concentración Parcelaria).

1.- ÁMBITO DA DECLARACIÓN

A presente Declaración de Impacto Ambiental refírese ao proceso de concentración parcelaria (contemplando o Proxecto de Rede de Camiños, Proxecto e Acordo de Concentración Parcelaria e Proxecto de Acondicionamento das Novas Fincas Resultantes) a desenvolver na parroquia de Godos (Caldas de Reis, Pontevedra), tal e como se describe no estudo de impacto ambiental.

A zona de actuación está delimitada no plano nº 8 *"Unidades Ambientais"* do estudo de impacto, e abrangue unha superficie dunhas 460 ha.

2.- PROTECCIÓN DA ATMÓSFERA

Cumprirase co disposto, na Lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica, así como, no caso de que dispoña dela, na ordenanza municipal do Concello de Caldas de Reis ao respecto.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL
DILIGENCIA.- Para facer constar que o presente fotocopia é reproducción fiel e exacta de seu orixinal.

Santiago, 01 OUT. 2010

Asdo.: Alberto Rodríguez Garrido

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

San Lázaro s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

3.- PROTECCIÓN DO SOLO

3.1.- Fase de formulación

3.1.1. Movementos de terras.

Definiranse as posibles zonas para o almacenamento de terras, tanto se é para reempregar posteriormente como se é para o seu depósito definitivo. A selección destas zonas realizarase con criterios ambientais e tendo en conta que, no caso de que existan no contorno ocos procedentes de actividades extractivas abandonadas ou de movementos de terras, primará o seu uso fronte a outras zonas, sempre que sexa técnica e economicamente viable e non se atopen naturalizados e integrados no entorno. En ningún caso se depositarán os sobrantes nas zonas con valores ambientais relevantes identificadas no estudo ambiental, nin nas sinaladas nos informes de Augas de Galicia ou das Direccións Xerais de Conservación da Natureza, de Montes e de Patrimonio Cultural, que se refiren a:

- Carballeiras galaico-portuguesas con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica*. Código 9230.
- Sobreirais de *Quercus suber*. Código 9330.
- Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padion, Alnion-incanae, Salicion albae*). Código 91E0*. (Hábitat Prioritario).
- Rochedos silíceos con vexetación pioneira do *Sedo-Scleranthion* ou do *Sedo albi-Veronicion dillenii*. Código 8230.
- Ámbito do dominio público hidráulico, incluíndo zonas de servidume e policía de leitos.
- Elementos do patrimonio cultural, incluíndo os seus ámbitos de protección.

Se houbese sobrantes procedentes de movementos de terras, previamente ao seu depósito nos lugares seleccionados deberase contar cos correspondentes permisos.

En todo caso e como criterio xeral, primarase sempre o reemprego dos sobrantes de terra.

3.1.2. Rede de camiños.

O deseño da rede de camiños de concentración deberá axustarse aos criterios que figuran no estudo ambiental, ao condicionado establecido ao longo desta Declaración (respectando especialmente as áreas de interese sinaladas nos puntos 3.1.1 e 6.1) e ás seguintes medidas que matizan ou amplían as anteriores:

- Como norma xeral, os camiños non superarán unha anchura total, incluíndo cuneta e beiravía, de 6 metros para os de acceso agrícola e de 8 metros naqueles que comuniquen parroquias ou núcleos entre sí. En zonas de monte, a anchura das pistas será a necesaria para o mantemento dun uso forestal, sendo preferible que sexa a mínima que permita a manobra da maquinaria, creando cada certa distancia sobreanchos a modo de apartadoiros que permitan o xiro dos vehículos e a acumulación da madeira de corta ata o seu transporte. Minimizarase o número de ramais cegos.

3.2.- Fase de obras

No caso de realizar voaduras, disporanse os medios necesarios (redes, lonas...) para evitar a proxección de fragmentos de rocha ao contorno. En calquera caso, se estes se producisen, deberán ser retirados da zona e depositados en emprazamento autorizado.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL
DILIXENCIA.- Para facer constar que a presente fotocopia é reproducción fiel e exacta de seu orixinal
Santiago, 6 / 11 / 2009
Asdo.: Alberto Rodríguez Garrido

4.- PROTECCIÓN DAS AUGAS E DOS ELEMENTOS ASOCIADOS

1. Toda actuación ou afección no dominio público hidráulico ou na súa zona de servidume e policía, así como calquera captación ou vertedura se é o caso, precisará da autorización ou permiso do organismo de cunca competente, neste caso Augas de Galicia.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

San Lázaro s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Neste sentido, deberán terse en conta en todo momento as limitacións e demais prescricións establecidas no Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas e no Regulamento do Dominio Público Hidráulico (RD 849/1986, do 11 de abril, e posteriores modificacións), así como na Lei 7/1992, do 24 de xullo, de pesca fluvial e no Decreto 130/1997, do 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais. Así mesmo, o proxecto deberá axustarse ás prescricións establecidas no Plano Hidrolóxico de Galicia-Costa (PHGC).

2. Non se afectarán, ou serán repostas na súa totalidade, as instalacións ou servizos de abastecemento de auga, saneamento ou calquera outro amparado pola lexislación hidráulica que se atopen na zona afectada pola concentración parcelaria. Así mesmo, respectaranse os mananciais que existan na zona, podendo ser parcialmente encanado o seu curso se resultase necesario para a execución das obras. De xurdir afloramentos de augas subterráneas, serán conducidos a ceo aberto (sempre que as obras definitivas o permitan) cara ás correntes superficiais máis próximas.

3. Extremaranse as precaucións na execución de obras en zonas nas que se poida afectar á rede hidrolóxica, charcas, humidais, zonas hidromorfas ou con vexetación de interese, adoptando todas as medidas necesarias para a súa preservación, entre as que se atopan as seguintes sen detrimento das que figuran no estudo de impacto ambiental:

- Prestarase especial atención ao balizamento das ditas zonas para evitar posibles afeccións por tránsito incontrolado de maquinaria ou vehículos de obra.
- Non se acumularán terras, entullos, material de obra nin calquera outro tipo de materiais ou substancias nas zonas de servidume dos cursos fluviais ou en zonas de pendente próximas a estes, nin interferindo na rede natural de drenaxe, para evitar a súa incorporación ás augas no caso de escorregamentos, chuvias ou enchentes.
- Cando se leven a cabo movementos de terras en zonas de elevada pendente, disporanse mallas antiescorregamento ou calquera outra medida adecuada para evitar arrastres de materiais ladeira abaixo.
- Co obxecto de previr fenómenos erosivos e incorporación de sólidos ás augas, a medida que avanza a obra procederase á estabilización e revexetación dos noiros de desmonte e/ou terraplén nas zonas afectadas por movementos de terras. Así mesmo, no modelado dos noiros evitaranse as formas demasiado artificiais, procurando que o cambio de pendentes sexa gradual, para favorecer así a integración coa paisaxe.
- Nos parques de maquinaria relizaranse pequenas obras de contención hidráulica (canles, gabias ou muretes de terra) que impidan que as augas procedentes do exterior penetren neles e que as augas procedentes do parque poidan difundirse libremente no medio. Estas zonas deberán ser rehabilitadas unha vez remate o proceso de concentración.
- A calidade das augas manterase en niveis óptimos, de xeito que co motivo das obras non diminúa respecto da existente antes do inicio destas. A este respecto, estarase ao disposto na Lei 7/1992, do 24 de xullo, de pesca fluvial e no Decreto 130/1997, do 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais. Así mesmo, levarase a cabo un plan de control da calidade das augas, tendo en conta o sinalado no punto 10.2 desta DIA.
- Evitarase modificar o actual réxime hidrolóxico da zona, permitindo a libre circulación das augas, polo que na rede viaria deberán dispoñerse as estruturas de drenaxe necesarias para elo, dimensionándoas de xeito que se evite o efecto presa en épocas de máxima precipitación. Á saída dos pasos de auga colocaranse dispositivos protectores ou de disipación de enerxía para evitar fenómenos erosivos, deposición de sólidos ou asolagamentos na traxectoria de incorporación das augas de drenaxe cara aos cursos naturais.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL
Copia fotocopia

Santiago

Asdo.: Alberto Rodríguez Garrido

Neste sentido, durante as fases de obras e de explotación levarase a cabo un seguimento hidrolóxico que permita controlar o correcto funcionamento da rede de drenaxes dos camiños de concentración e dos dispositivos de disipación de enerxía instalados, así como a comprobación das condicións de incorporación das augas de drenaxe cara á rede natural, co obxecto de adoptar as medidas protectoras ou correctoras oportunas no caso de producirse os citados fenómenos erosivos, arrastres, asolagamentos ou outros.

- No caso de que finalmente sexa imprescindible o cruzamento de cursos fluviais, teranse en conta así mesmo as seguintes medidas:
  - Nos traballos que se realicen no leito do río deberase illar a zona de obras deixando sempre unha canle de auga circulante.
  - Evitarase a intervención simultánea sobre varios cursos na mesma bacía, procurando graduar os traballos para evitar a acumulación de sólidos en suspensión no leito principal.
  - Alterarase o mínimo posible a morfoloxía do leito fluvial, polo que se empregarán pontes sempre que sexa posible, procurando que os piares non se coloquen no leito e que os estribos se sitúen a máis de 5 m a cada lado do mesmo, sen impedir o tránsito de fauna e persoas polas súas ribeiras, lembrando en todo caso as limitacións e prescricións establecidas ao respecto na lexislación de augas e no PHGC. No seu defecto, utilizaranse obras de paso tipo pórtico, evitando pasos tipo marco ou tubo con fin de manter os leitos no seu estado natural. No caso de empregar estes últimos tipos de estruturas, a parte inferior deberá quedar polo menos 40 cm por debaixo de leito do río e a súa pendente non superará o 1% (sempre que as características do terreo o permitan), debendo evitarse á saída do marco ou tubo un salto que provoque o socavamento do leito fluvial augas abaixo e/ou impida o remonte das especies piscícolas migratorias. En calquera caso, o deseño que se adopte deberá permitir o paso da fauna ictícola en datas de escaso caudal.
  - Evitarase a creación de obstáculos ao movemento da fauna acuática e terrestre.
  - Reducirase ao mínimo posible o aporte de finos aos leitos debido aos movementos de terras, seleccionando as épocas menos chuviosas para executar estas obras.
  - Nas zonas de obra próximas a cursos de auga nas que sexa preciso o emprego de formigón ou cemento habilitaranse balsas de decantación para evitar calquera vertedura destes materiais, mesturados ou non con auga.

5.- XESTIÓN DE RESIDUOS

Todos os residuos que se xeren deberán ser xestionados en función da súa natureza e conforme á lexislación vixente, primando a reciclaxe ou remprego fronte á vertedura. Os envases baleiros de calquera tipo de residuo ou produto perigoso deberán ser depositados en contedores habilitados dentro dun Sistema Integrado de Xestión de Envases ou entregados a un xestor autorizado. No caso de conter produto, xestionaranse de acordo coa lexislación vixente.

6.- PROTECCIÓN DA FAUNA, VEXETACIÓN E HÁBITATS

6.1.- Fase de formulación

6.1.1. Áreas con valores naturais.

Serán obxecto de especial atención no tocante a súa preservación e adopción de todas as medidas protectoras e correctoras necesarias, así como obxecto dun intenso seguimento e vixilancia ambiental, os elementos e áreas sensibles sinalados no punto 3.1.1 da DIA, que deberán ser balizados ou sinalizados durante o replanteo da obra.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL
DILIXENCIA. Para facer constar que a presente fotocopia é reproducción fiel e exacta do seu orixinal
Santiago, 30 / 05 / 2011
Asdo.: Alberto Rodríguez Garrido

Así mesmo, no caso de detectar algún valor natural non considerado ata o momento (para o cal se efectuarán as prospeccións previas que resulten oportunas), procederase a súa delimitación e á adopción das medidas precisas para garantir a súa preservación, comunicando o achádego ao correspondente Servizo Territorial de Conservación da Natureza. Terase en conta que non se poderá afectar a formacións distintas ás descritas no estudo de impacto ambiental ou nesta Declaración sen antes facer a correspondente consulta.

Particularizando o indicado no citado punto 3.1.1 da DIA ao respecto das formacións de arborado autóctono a protexer, cómpre sinalar o seguinte:

- No relativo ás carballeiras e sobreirais (códigos 9230 e 9330), cabe destacar pola súa extensión a carballeira existente no contorno da Igrexa de Sta. María de Godos.
- Respecto da vexetación de ribeira (código 91E0*), atópase asociada principalmente ao río Umia, pero tamén aparece, en mellor ou peor estado de conservación, nalgún dos cursos de menor entidade (regos do Cichorro e O Couto de Arriba ou o de Cadorra).

Ademais do anterior, consideraranse elementos e áreas sensibles a conservar o máximo posible:

- O contorno dos cursos fluviais e a súa vexetación de ribeira (nunha banda de 10 m como mínimo a cada lado do leito, desde a liña de máxima enchente) aínda que non constitúa o hábitat 91E0* ao que se fai referencia no punto 3.1.1.
- As árbores e rodais singulares, as sebes, os lindeiros arborados e arbustivos de límite entre parcelas, os corredores ecolóxicos e ecotonos, as especies vexetais e faunísticas endémicas, singulares e/ou protexidas (atendendo especialmente ás que estean incluídas nos Catálogos nacional e galego de especies ameazadas), os valados de pedra, a paisaxe agrícola tradicional galega e, de non estar contempladas entre as anteriores, calquera outra área ou zona identificada como de interese ambiental no estudo de impacto ambiental (Plano nº 8).

Ao longo de todo o proceso de concentración, pero especialmente no deseño final da rede viaria e na configuración dos predios de substitución, adoptaranse todas as medidas necesarias, ademais das recollidas no estudo de impacto ambiental e as establecidas nesta DIA, co fin de evitar ou minimizar a afección aos citados elementos.

Terase en conta tamén a presenza de rutas de sendeirismo, áreas recreativas, miradoiros e calquera outra infraestrutura ou instalación para o tempo de lecer. Calquera modificación destes elementos requirirá autorización do concello e do órgano competente da administración autonómica. A posible afección deberá estar recollida nos proxectos que se realicen na zona e, de non ser así, deberá procederase á reposición dos elementos afectados ao estado previo ao inicio das obras.

6.1.2. Pasos canadenses.

No caso de que nalgún dos camiños sexa necesario habilitar pasos canadenses para impedir o paso de gando, deberán preverse medidas que posibiliten o escape dos pequenos vertebrados que poidan caer ao foxo, podendo consistir, sen prexuízo doutras igualmente efectivas, nunha rampla de subida ou facer o foxo cun ou cos dous laterais abertos.

6.2.- Fase de obras

6.2.1. Xestión e protección da vexetación.

1. A eliminación de vexetación reducirase ao estritamente necesario, respectando sistematicamente todo tipo de vexetación existente que non resulte afectada directamente pola execución das obras. Procederase ao balizamento ou sinalización das masas e formacións vexetais de interese ambiental para evitar a súa eliminación. Non se fará uso do lume nin fitocidas nestas tarefas.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
SUBSECRETARÍA
Queda expresamente prohibida a reproducción total ou parcial da presente fotocopia

Santiago, 1 OUT. 2010

Asdo.: Alberto Rodríguez Garrido

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental
San Lázaro s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

2. En relación coa preservación do arboredo, estarase ao indicado no estudo ambiental e o establecido nesta DIA, lembrando que para calquera aproveitamento, utilización ou modificación da vexetación de ribeira estarase ao disposto na lexislación vixente de aplicación. Así mesmo, previamente á corta de arboredo terá que realizarse a correspondente comunicación de corta ou solicitude de autorización, segundo o caso, conforme o disposto na lexislación forestal e demais normativa de aplicación.

6.2.2. Protección da fauna acuática.

Extremaranse as precaucións na execución de obras nas zonas de potencial afección á rede hidrolóxica (sexan directas ou indirectas, por cruzamento de pistas ou por movementos de terras nas proximidades dos leitos) de xeito que se evite calquera efecto negativo sobre a rede fluvial.

Esta medida reviste importancia para a conservación dunha serie de especies ligadas ao medio fluvial ou masas de auga e catalogadas como vulnerables no Catálogo galego de especies ameazadas, con presenza na zona segundo o estudo ambiental: *Rana iberica* (Ra patilonga), *Discoglossus galganoi* (Sapiño pintoxo), *Lissotriton boscai* (Pintafontes común), *Chioglossa lusitanica* (Saramaganta), *Petromyzon marinus* (Lamprea), *Rhinechis scalaris* (Cobra de escada), *Natrix natrix* (Cobra de colar), *Lacerta lepida* (Lagarto arnal) e *Anguis fragilis* (Escáncer comun); así como da Ameixa perlifera de río *Margaritifera margaritifera* (catalogada "en perigo de extinción" nese catálogo) da que podería haber poboacións na zona aínda que non se localizaron durante a realización do estudo nin hai testimonios recentes da súa presenza. Para esta especie estarase ao sinalado no punto 10.2 da DIA.

6.2.3. Protección da avifauna.

1. Previamente aos labores de corta de arboredo ou de roza verificarase a ausencia de avifauna nidificante de interese nos pés e ámbitos implicados. No caso de detectarse a nidificación, adoptaranse as medidas oportunas para que poidan finalizar con éxito o período reprodutor.

En especial, atenderase á nidificación de aves rapaces (na zona detectáronse varias especies que aniñan en árbores; Miñato *Buteo buteo*, Gabián *Accipiter nisus*, Azor *Accipiter gentilis*, Miñato abelleiro *Pernis apivorus*) e calquera outra especie que ostente figuras legais de protección ou apareza recollida en listaxes ou libros vermellos que poñan de manifesto a importancia da súa conservación.

2. Así mesmo, na zona detectouse a presenza de Tartaraña cincenta (*Circus pygargus*), ave rapaz protexida pola lexislación vixente e vulnerable aos procesos de concentración parcelaria por nidificar sobre o solo en ambientes mixtos de matogueira e cultivos. Tendo en conta o anterior, estableceranse os controis oportunos para a detección de posibles parellas reproductoras nas áreas que vaian ser afectadas polas obras. No caso de detectarse a nidificación, adoptaranse as medidas oportunas para que poidan finalizar con éxito o periodo reprodutor, que poden incluír o establecemento dun perímetro de exclusión duns 500 m de radio en torno ao niño onde se evitará calquera actuación ata que finalice o periodo reprodutor (podendo continuar coas obras noutra zona afastada) e outro perímetro de seguridade de 500 m, onde se limitarán ao máximo posible as actuacións e o tráfico de maquinaria para garantir a tranquilidade das aves.

6.2.4. Época das obras.

Evitarase que as obras coincidan coas épocas de maior afección ao ciclo vital das especies sensibles presentes na zona de concentración. O calendario de obras deberá elaborarse tendo en conta os devanditos períodos.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL
DILIXENCIA.- Para facer constar que a presente fotocopia é reproducción fiel e exacta de seu orixinal

7.- PROTECCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL

Levaranse a cabo as medidas protectoras e correctoras que figuran na Memoria Técnica da prospección arqueolóxica intensiva (achegada como separata ao estudo de impacto ambiental), aceptadas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, cos seguintes condicionantes:

a) Ademais dos elementos reseñados na memoria de prospección arqueolóxica debe terse en conta que no ámbito afectado pola concentración parcelaria se localizan unha serie de bens arquitectónicos aos que non se fai referencia na mesma, e que é necesario que se incorporen ao catálogo do patrimonio cultural:

- Igrexa parroquial de Santa María.
- Casa Reitoral.
- Capela de Santiaguiño. O Cruceiro.
- Capela de Santa Catarina.
- Casa do Murido. A Revolta.
- Cruceiro do Adro da Igrexa.

b) Non se poderán executar pistas de novo trazado nas áreas de protección integral dos elementos do patrimonio cultural.

c) A realización de pistas de novo trazado e a ampliación das existentes na área de protección dos elementos do patrimonio cultural terá caracter excepcional e, en todo caso, requirirá a elaboración dun estudo de detalle do contorno do elemento afectado, considerando este contorno como as áreas de protección fixadas no artigo 30 das NNCCSS de planeamento. Este documento deberá incluir:

- Descrición dos camiños existentes na zona, con indicación das súas características, ancho de ocupación e capa de rodadura.
- Reportaxe fotográfica dos mesmos.
- Identificación, nunha planimetría de detalle, de cada un dos camiños existentes, así como das pistas que se pretenden executar nese ámbito.
- Distancias entre cada unha das obras proxectadas e os bens do patrimonio cultural afectados por estas.
- A rede de camiños deberá proxectarse aproveitando ao máximo os camiños existentes, evitando a apertura de novas pistas. De proxectarse camiños de nova traza nestas zonas, deberá xustificarse a necesidade da súa implantación.

d) Como medida adicional é necesario que, unha vez se defina cada proxecto que integra a concentración parcelaria (Proxectos de Rede Viaria, de Acondicionamento de Fincas, e Proxectos de Obras Complementarias, se os houbese) e previamente ao inicio das obras de cada un deles, o promotor remitirá á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, para o seu informe, unha avaliación do impacto de ditos proxectos sobre os elementos do patrimonio cultural localizados na zona de concentración. Estes documentos deberán estar asinados por técnico competente na materia.

e) Terase en conta que unha vez informados pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural os documentos aos que se fai referencia no punto anterior, en todo o ámbito da zona de concentración parcelaria deberá realizarse un control e seguimento arqueolóxico durante as fases de replanteo, de execución de obra e de restitución dos terreos. Para tal fin, e previamente ao inicio das obras, elaborarase un proxecto arqueolóxico que terá que ser autorizado pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

Como anexo a dito proxecto arqueolóxico deberase recoller, na cartografía que empregue o persoal da obra durante o transcurso da mesma, un plano no que figuren as áreas de risco arqueolóxico, coa localización dos elementos do patrimonio cultural xunto coas súas áreas de exclusión e cautela (obxecto do control e seguimento arqueolóxico). Dito plano incorporará os textos necesarios para a súa comprensión.

f) Como medida xenérica, nas áreas de protección dos bens do patrimonio cultural non se poderá realizar ningún tipo de obras relacionadas co proxecto que non estean previstas na documentación avaliada (parque de maquinaria, instalación de casetas, acopios de terras e materiais, etc.).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL
DILIXENCIA.- Para facer constar que a presente fotocopia [illegible]

Asdo.: Alberto Rodríguez Garrido

g) No deseño dos proxectos de rede viaria, de concentración parcelaria e de acondicionamento de fincas deberán terse en conta, procurando a adopción das medidas oportunas para a súa conservación, preservación e recuperación, os antigos camiños e corredoiras, valados de pedra, muros de peche tradicionais, etc, que configuran funcional e estruturalmente a paisaxe galega e caracterizan culturalmente o territorio.

h) Elementos etnográficos tales como fontes, lavadoiros, cruceiros, pasadoiros, pozos, muiños, etc, deberán quedar en masas comúns.

i) En base aos resultados das actuacións arqueolóxicas en cada unha das fases do proceso, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, como organismo competente na materia, decidirá sobre a conveniencia de establecer outras medidas de protección. Terase en conta que na fase de replanteo se revisarán os impactos e se valorará a aplicación das correspondentes medidas correctoras.

j) Os traballos arqueolóxicos terán que ser levados a cabo por técnicos arqueólogos competentes, de acordo coa Lei 8/1995, do 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.

8.- INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

8.1. Proxecto de integración paisaxística.

Redactarase un proxecto de integración paisaxística axustado ao proceso de concentración parcelaria no que se desenvolvan e se presuposten detalladamente os labores de restauración e integración paisaxística necesarios para maximizar a integración ambiental das actuacións. Na elaboración deste proxecto atenderase a criterios de coherencia ecolóxica e paisaxística, e terase en conta o seguinte:

- En canto ás especies a empregar:
  - Serán autóctonas, tendo sempre presente para a súa implantación as circunstancias edafolóxicas e climáticas da zona a restaurar e que procedan (sexan árbores ou arbustos, matas e/ou herbáceas) da mesma zona ou similar, segundo criterios bioxeográficos, litolóxicos, de vexetación potencial e climáticos, e tendo en conta o disposto na Orde de 17 de marzo de 2005, da Consellería de medio ambiente pola que se aproba a delimitación e determinación dos materiais de base para a produción de materiais forestais de diversas especies no territorio da comunidade autónoma de Galicia.
  - Deben ser compatibles co hábitat no que se van implantar. O hábitat, localización ou estación vai estar definido pola interdependencia ou interrelación do clima, factores fisiográficos (topografía, pendentes, altitudes, exposición), solo ou substrato (perfil, textura, fauna e flora, ciclos de nutrinte, etc.), e factores bióticos.
  - Deben ser compatibles entre si, no espazo e no tempo, aplicándose no seu caso os tratamentos oportunos, é dicir, a competencia intra e interespecífica entre as especies que se implanten deben permitir e posibilitar o éxito da restauración, adoptándose ademais, para acadar este obxectivo, os tratamentos que sexan precisos (clareos, rozas, etc.).
- No caso de que fora precisa a eliminación dalgún pé de especies arbóreas autóctonas procurarase que sexan replantadas na media do posible, empregándoas na restauración. De todos modos recoméndase a súa preservación, actuando unicamente sobre exemplares mortos ou moi enfermos.
- Maximizarase a diversidade da zona de restauración, tendo sempre presentes as superficies a restaurar e os hábitats presentes.

DILIXENCIA.- Para facer constar que a presente fotocopia é reproducción fiel e exacta de seu orixinal

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental
San Lázaro s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
XACOBEO 2010 Galicia

- Previamente á execución das obras retirarase e acumularase a capa superior de terra vexetal (15-30 cm) para o seu posterior emprego nos labores de restauración. Estes acopios realizaranse ao longo da traza dos camiños en montóns de altura non superior a 1,5 metros, para facilitar a súa aireación.

- No caso de precisar achegas externas de terra vexetal para os labores de restauración, esta non se poderá extraer de áreas onde se atope consolidada e integrada no medio, debendo proceder de amoreamentos ou zonas debidamente autorizadas.

- Os labores de restauración desenvolveranse a medida que avanza a obra sempre que sexa posible, co fin de lograr o máis pronto posible a integración paisaxística das zonas alteradas polas obras. Vixilarase a evolución da revexetación efectuada, procedendo á reposición das calvas e/ou marras que puideran aparecer nas sementeiras, hidrosementeiras e/ou plantacións efectuadas.

8.2. Deseño do novo parcelario.

Tal como se contempla no estudo ambiental, no deseño do novo parcelario favorecerase a integración paisaxística dos predios resultantes mediante a conservación do maior número posible de elementos lineais de interese ambiental como lindes arborados, valados de pedra, sebes, etc. Para isto procurarase axustar a maior lonxitude posible de lindeiros dos predios de substitución aos citados elementos.

9.- OUTRAS CONDICIÓNS

9.1.- Fase de formulación

9.1.1. Medidas para a redución de impactos.

Desenvolveranse as medidas necesarias para evitar posibles impactos asociados á fase de formulación, como poden ser a aparición de edificacións, construcións diversas ou peches, as cortas indiscriminadas de vexetación, o abandono, modificación ou intensificación abusiva de cultivos, as roturacións de terras, etc., motivados pola incerteza dos propietarios sobre a futura titularidade das parcelas.

Neste sentido, daráselles información aos propietarios e notificaráselle por escrito á Xunta Local da Zona da obriga legal de obter autorización ou permiso para a corta de especies arbóreas, así como a existencia doutras limitacións ou obrigas establecidas na normativa vixente en materia de ordenación do territorio, de xestión forestal, de protección, conservación e mellora dos ríos galegos, de prevención e defensa contra os incendios forestais, conservación da superficie agraria e, en xeral, calquera outra lexislación que afecte ao uso e aproveitamento da terra.

9.1.2. Terreos forestais e montes veciñais.

1. Dado que unha importante fracción da superficie obxecto de concentración ten a condición de terreo de uso forestal, ademais de cumprir en todo momento coa normativa vixente en materia forestal -en sentido amplo-, teranse en conta as seguintes medidas:

- As repoboacións forestais que se efectúen (tanto se se levan a cabo como traballos complementarios á concentración parcelaria como se é posteriormente na fase de explotación das novas fincas) deberán axustarse ao establecido na lexislación forestal e ambiental ao respecto, debendo contar, en todo caso, co informe favorable da Dirección Xeral de Montes.

  Nestas repoboacións procurarase evitar a continuidade de masas monoespecíficas de eucalipto ou piñeiro intercalando masas de frondosas e faixas cortalumes para impedir unha doada propagación de incendios forestais. Non se poderán realizar plantacións de eucalipto nas bandas de protección dos cursos fluviais, nin tampouco en zonas con pendente superior ao 40%. Tamén se desaconsellan as plantacións de piñeiros nestas bandas.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL
DILIGENCIA: Para facer constar que o presente documento é copia fiel e exacta do seu original
0 1 DIC. 2011

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental
San Lázaro s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

- Respectaranse as distancias mínimas establecidas na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, e se tomarán as medidas necesarias para manter as faixas de especial protección. Aproveitarase o proceso de concentración para deseñar e executar, na medida do posible, as ditas faixas, especialmente no referente ao núcleo rural principal e na banda de 50 metros arredor das primeiras fincas destinadas a uso agrario.

  Non se poderán realizar repoboacións forestais en solo urbano e núcleos rurais, nin en zonas dedicadas a labradío, cultivo, prados ou pasteiros, con independencia da súa cualificación urbanística. Só se poderán realizar repoboacións con frondosas autóctonas en zonas agrícolas cando estean contempladas nun plan de ordenación de cultivos é forestal, sempre e cando non interfiran no desenvolvemento agrario da zona.

- Levaranse a cabo boas prácticas forestais que incluirán, sen prexuízo doutras, as seguintes:

  - Promoveranse as masas mixtas de frondosas autóctonas ou, cando menos, a aparición de frondosas acompañantes á especie principal.
  - As especies arbóreas empregadas deberán ser as máis adecuadas á estación forestal e o material reprodutivo terá identificada a súa procedencia, utilizando material selecto sempre que sexa posible. Levarase a cabo unha vixilancia do adecuado desenvolvemento das plantacións efectuadas.
  - Recoméndase que as superficies forestais incluídas no ámbito da concentración conten cun instrumento de xestión que cumpra coa lexislacion vixente.
  - Durante as cortas evitaranse danos nas frondosas autóctonas que non sexan obxecto de aproveitamento. Ao remate da corta procederase á limpeza dos residuos forestais.
  - Fomentarase a función recreativa e social das zonas forestais máis próximas aos núcleos rurais.
  - Procuraranse evitar as queimas controladas.
  - Minimizaranse os impactos paisaxísticos racionalizando as superficies de corta e deixando pequenos rodais maduros que interrompan a uniformidade da tala.

2. Dado que parte dos terreos forestais que se pretenden concentrar inclúen o Monte Veciñal en Man Común da parroquia de Godos, teranse en conta as seguintes condicións:

- Como consecuencia do proceso de concentración mellorarase a definición dos lindeiros dos montes afectados, mediante a eliminación de encravados ou de saíntes no perímetro exterior dos montes se os houbese.

- A produtividade forestal e a superficie dos terreos adquiridos pola comunidade veciñal propietaria como consecuencia da concentración deberá ser como mínimo igual á dos terreos que se vexan na obriga de ceder.

9.1.3. Coordinación coas figuras de planeamento urbanístico.

Velarase pola protección dos valores naturais, patrimoniais e paisaxísticos de interese local e a compatibilidade do proceso de concentración parcelaria, en especial do plan forestal e/ou de cultivos, coas figuras do planeamento vixentes do concello. O Concello de Caldas de Reis, a través do seu representante na Xunta Local de Concentración Parcelaria (de acordo co establecido no *Título II: Normas Orgánicas* da Lei de Concentración Parcelaria) velará polo cumprimento desta condición.

9.2.- Fases de obras e de explotación

9.2.1. Límites da zona de concentración parcelaria.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL
DILIXENCIA.- Para facer constar que a presente fotocopia é reproducción fiel e exacta do seu orixinal.
Santiago, 6 MAI. 2010

Levarase a cabo un control topográfico dos límites da zona de concentración, dos predios de substitución e da traza dos camiños de concentración, que se axustarán ao contido dos documentos aos que se fai referencia no punto 10.1 da DIA, evitando afeccións fóra destes límites.

Asdo.: Alberto Rodríguez Garrido

9.2.2. Uso sostible do territorio.

Promoverase o desenvolvemento sostible da zona concentrada mediante a adopción de criterios de sostibilidade ambiental no acondicionamento e uso das parcelas asignadas a cada propietario. Na medida do posible procurarase que a delimitación -se é o caso- das novas parcelas se efectúe mediante a plantación de sebes arboradas ou arbustivas, integradas por especies autóctonas existentes na zona.

O plan de cultivos que se elabore no contexto da concentración parcelaria deberá estar axeitado ás características agrolóxicas da terra, respectando os valores naturais locais identificados no estudo de impacto e nesta Declaración, e procurando un aproveitamento racional e sostible das parcelas. O deseño do plan de cultivos terá en conta os impactos que os cambios de usos de solo poidan ter no territorio, en especial a transformación de terreo forestal en terreo agrícola para evitar modificacións substanciais do balance hídrico da zona que poidan afectar á rede fluvial.

En todo caso, atenderase ás posibles limitacións ou obrigas legais en canto ao acondicionamento e uso dos predios de substitución, tendo en conta a normativa vixente e o respecto aos elementos e áreas sensibles indicados nos puntos 3.1.1 e 6.1.1.

10.- PROGRAMA DE VIXILANCIA E SEGUIMENTO AMBIENTAL

10.1.- Órganos a informar e documentación a remitir

1. Previamente ao inicio das obras, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural remitirá a esta Secretaría Xeral, para a súa avaliación, o Proxecto de Rede de Camiños e Obras Inherentes, o Proxecto de Acondicionamento de Fincas e o Proxecto de Obras Complementarias (se o houbese). Nos proxectos remitidos se recollerá unha análise das alternativas estudadas ao respecto e conterá un anexo específico no que se documente a adecuada inclusión das medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias propostas no EIA así como todas as cuestións derivadas do cumprimento das condicións desta Declaración, incluíndo o proxecto de integración paisaxística e programa de vixilancia ambiental. No caso de que a execución das obras se divida en fases, os proxectos presentados poderán presentarse de forma que contemplen o total das obras ou que contemplen as obras realizadas en cada fase (un proxecto por fase).

2. En relación coa protección do patrimonio cultural, remitiranse á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural os documentos aos que se fai referencia no punto 7 da DIA, non podendo comezar as obras ata que esta se pronuncie favorablemente sobre a devandita documentación.

10.2.- Redacción do programa de vixilancia e seguimento ambiental

Redactarase un novo programa de vixilancia e seguimento ambiental que considerará todos os supostos de impactos avanzados no estudo de impacto ambiental, todos aqueles que xurdan ao longo da fase de formulación e todos os controis derivados do cumprimento do condicionado desta DIA.

O dito programa levarase a cabo ao obxecto de garantir ao longo do tempo o cumprimento das medidas protectoras e correctoras contempladas na documentación avaliada e no condicionado da Declaración. O programa debe permitir detectar, cuantificar e corrixir alteracións que non se puidesen prever no estudo ambiental ou no condicionado da DIA, e levar a cabo novas medidas correctoras acordes coas novas problemáticas xurdidas.

O conxunto de actuacións executables que se integren na documentación, incluíndo aquelas referentes ás actuacións ambientais e sobre o patrimonio cultural, deberán quedar convenientemente reflectidas en planos de escala adecuada e estar dotadas das partidas orzamentarias correspondentes, que terán o seu reflexo no capítulo de orzamento do Proxecto de Concentración Parcelaria.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
DILIGENCIA.- Para facer constar que a presente fotocopia coincide fielmente co documento orixinal que me foi presentado.
Santiago, 8 JUL 2010

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

San Lázaro s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Será responsabilidade do órgano substantivo que o programa que finalmente se desenvolva neste sentido permita acadar os fins sinalados. Así mesmo, teranse en conta as seguintes consideracións:

- Co obxecto de acadar a máxima coordinación e eficacia no cumprimento desta Declaración, deberá designarse un responsable do control do cumprimento da mesma.
- Todas as medicións e/ou analíticas do programa de vixilancia deberán ser realizadas por organismos de control autorizados ou entidades homologadas, e os resultados deberán vir asinados por un técnico da dita entidade.
- Fixaranse, para todas as fases, os indicadores ambientais, a periodicidade dos controis e os umbrais (admisible, de alerta e inadmisible) que se vaian empregar en cada caso.
- As tomas de mostras e as medicións deberán ser representativas, polo que se realizarán durante os labores con maior incidencia sobre os indicadores obxecto de control.
- Se durante a realización do programa de vixilancia e seguimento ambiental se detectasen impactos imprevistos ou alteracións que superen os umbrais establecidos na lexislación aplicable ou nesta Declaración, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural propoñerá as medidas correctoras precisas. De poñerse de manifesto a existencia de impactos ambientais severos ou críticos, comunicarao a esta Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.
- No programa de vixilancia e seguimento ambiental a redactar incluirase un "*Plan de Control de Calidade das Augas e Funcionamento das Estruturas de Drenaxe*", que contemplará as seguintes actuacións:
  - Plan de control da calidade das augas dos cursos fluviais afectados polas obras, aplicable tanto á fase de execución das mesmas como á posterior a estas ata o momento en que se constate ausencia de afeccións. Seleccionaranse puntos de toma de mostras augas arriba e augas abaixo de cada unha das zonas afectadas. Considéraranse, como mínimo, os seguintes parámetros: pH, temperatura, sólidos en suspensión, osíxeno disolto, condutividade e presenza de aceites e hidrocarburos.

    Terase en conta que previamente ao inicio das obras deberá levarse a cabo unha campaña preoperacional co obxecto de dispoñer dun branco para comparación cos posteriores resultados das analíticas. Os resultados da dita campaña incorporaranse aos informes do programa de vixilancia ambiental.
  - Labores de vixilancia do funcionamento das estruturas de drenaxe e do mantemento do réxime hidrolóxico preexistente, tanto na fase de obras como na de explotación, tendo en conta o exposto no punto 4.3 da DIA.
  - A realización das prospeccións necesarias para a detección da presenza ou non de Ameixa perlífera de río *Margaritifera margaritifera* nos cursos fluviais existentes na zona de concentración. En caso positivo, adaptarase o plan de seguimento da calidade das augas para un efectivo control dos tramos concretos onde se atope a especie.

10.3.- Informes do programa de vixilancia ambiental

A Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural responsabilizarase de que se leve a cabo o programa de vixilancia e seguimento ambiental ao que se fai referencia ao longo desta DIA e, como órgano substantivo, estará ao disposto no artigo 18 do Real Decreto Lexislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido de la Lei de Avaliación de Impacto Ambiental de proxectos.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL
Esta fotocopia é unha reproducción fiel e exacta do seu orixinal

Santiago, 0 1 DIC. 2010

Asdo.: Alberto Rodríguez Garrido

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

San Lázaro s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Durante a fase de replanteo das novas fincas e colocación dos marcos non será necesario a realización de ningún informe de vixilancia e seguimento ambiental.

Durante a fase de execución de obras elaboraranse os seguintes informes de seguimento, cos contidos mínimos que se sinalan a continuación:

a) Semestralmente:

- Informe de avance das obras (incluíndo cronograma actualizado) onde se describa o desenvolvemento dos traballos en relación a todos os compoñentes do proxecto de concentración, acompañado de plano en planta no que se reflicta a situación real das obras e a porcentaxe de execución de cada actividade.

- Memoria do seguimento ambiental realizado en cumprimento do sinalado no estudo ambiental e o disposto nesta DIA, incluíndo os resultados dos plans de control da calidade das augas (con mención expresa ao estado das poboacións de *Margaritifera margaritifera* que no seu caso se houbesen detectado) e do funcionamento da rede de drenaxe e mantemento do réxime hidrolóxico, control da presenza de parellas reprodutoras de *Circus pygargus* e outra fauna de interese en función do exposto no punto 6.2, actuacións para a preservación dos elementos e áreas sensibles indicados nos puntos 3.1.1 e 6.1.1, etc.

  Nesta memoria detallaranse os resultados da aplicación das medidas protectoras, correctoras ou compensatorias, incidencias ou imprevistos acontecidos, variacións respecto do proxectado, labores de restauración efectuados, xestión de residuos de obra e sobrantes de terra, etc. En conxunto, o informe reflectirá o cumprimento da Declaración en relación a todos os aspectos contemplados nela.

- Reportaxe fotográfica que mostre con detalle os aspectos ambientais máis relevantes da actuación, así como das zonas onde se adoptaron medidas protectoras e correctoras, en especial as relativas aos elementos e áreas sensibles sinalados nos citados puntos 3.1.1 e 6.1.1 da DIA. Nas fotografías indicarase a data e hora, debendo ir acompañadas dun plano de localización.

b) Antes da emisión da acta de recepción de obra:

- Memoria resumo sobre o seguimento ambiental realizado, na que quede constancia dos controis ambientais e medidas protectoras e correctoras levadas a cabo en cumprimento do sinalado no estudo ambiental e o disposto nesta DIA.

- Descrición detallada do estado final das obras realizadas, con especial mención ás medidas de protección da vexetación e aos labores de restauración e integración paisaxística efectuados. Describiranse así mesmo, de ser o caso, as variacións introducidas ao longo das obras respecto do proxectado, así como calquera outra incidencia ou imprevisto acontecidos e as solucións adoptadas.

  Neste sentido, realizarase un seguimento específico da superficie ocupada pola vexetación autóctona e demáis formacións e áreas de interese sinaladas nos puntos 3.1.1 e 6.1.1 da DIA, antes e despois da concentración parcelaria, co obxecto de poder obter unha avaliación do impacto final do proceso concentrador.

- Reportaxe fotográfica que mostre con detalle os aspectos ambientais máis relevantes da actuación, así como o estado xeral da zona de concentración e das zonas onde se adoptaron medidas protectoras e correctoras, en especial as relativas á protección dos elementos e áreas sensibles sinalados no estudo ambiental e nesta Declaración. Nas fotografías indicarase a data e hora, e virán acompañadas dun plano de localización.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL
Copia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

San Lázaro s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Se durante a realización do programa de vixilancia e seguimento ambiental ao que se refire esta DIA se detectasen impactos imprevistos ou alteracións que superen os umbrais establecidos na lexislación aplicable ou nesta Declaración, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural propoñerá as medidas correctoras precisas para emendalas. De poñerse de manifesto a existencia de impactos ambientais severos ou críticos, o comunicará a esta Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2010

O SECRETARIO XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL

Benito Basanta

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL
DILIXENCIA.- Para facer constar que a presente fotocopia é reproducción fiel e exacta de seu orixinal

Santiago, 01 OUT. 2010

Asdo.: Alberto Rodríguez Garrido

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

San Lázaro s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

ANEXO I

DESCRICIÓN DA ACTUACIÓN E DA ZONA DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA

1.- DESCRICIÓN DO PROCESO DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA.

Un proceso de concentración parcelaria consta de tres partes ben diferenciadas (Plan de Concentración, Plan de Obras e Plan de Acondicionamento), que interactúan co medio de moi diferentes xeitos e en distinto grado, se ben todos eles se atopan intimamente ligados.

A continuación preséntanse, en forma de cadro, as diferentes etapas de cada un dos proxectos de concentración:

		ESTUDOS PREVIOS	EXECUCION	EXPLOTACION
Proceso de concentración	Plan de Concentración	Bases Provisionais	Replanteo de fincas de substitución	Posta en explotación das fincas de substitución
		Bases Definitivas		
		Proxecto de Concentración		
		Acordo de Concentración		
	Plan de Obras	Proxecto de Rede de Camiños	Construción da rede viaria	Utilización da rede viaria
	Plan de Acondicionamento de Fincas	Proxecto de Acondicionamento de Fincas	Execución das obras de acondicionamento de fincas	

As actuacións que conlevan un maior risco de operacións de maquinaria e de deterioro de elementos ambientais son o acondicionamento de fincas e o plan de obras.

2.- DESCRICIÓN DA ZONA A CONCENTRAR.

2.1.- Localización.

A Zona de Concentración Parcelaria de Godos (Caldas de Reis, Pontevedra), obxecto do estudo de impacto ambiental, localízase na zona oeste do termo municipal e afecta á parroquia de Godos, que conta cunha superficie dunhas 520 ha. O perímetro da zona a concentrar comprende unha superficie dunhas 460 ha.

Os límites da zona de actuación son os seguintes:

- Norte: Parroquia de Saiar (Concello de Caldas de Reis).
- Sur: Parroquia de Baión (Concello de Vilanova de Arousa).
- Leste: Río Umia.
- Oeste: Parroquias de Cea e Rubiáns (Concello de Vilagarcía de Arousa).

A zona presenta grandes diferenzas altitudinais, que van desde a cota 13-15 na ribeira do río Umia ata a cota 175 no límite Norte da zona de concentración, que corresponde co denominado Alto do Pousadoiro, no límite coa parroquia de Cea (Concello de Vilagarcía de Arousa).

Aproximadamente no centro da zona de estudo, en sentido Leste - Oeste, existen dúas infraestruturas viarias que cruzan a zona a concentrar; vía férrea Vigo-Santiago e a N-640 no tramo que vai de Caldas de Reis a Vilagarcía de Arousa.

DILIXENCIA. Para facer constar que a presente fotocopia concorda fiel e exactamente co seu original

Santiago, 6 FEBR. 2010

Asdo.: Alberto Rodríguez Garrido

A orientación da zona é Norte - Sur, de xeito predominante, cunha acusada pendente na parte Norte, hasta a vía férrea, e cunha pendente moi suave na parte baixa, entre a estrada N-640 e o río Umia.

2.2.- Clima.

A zona de estudo ten uns invernos pouco rigorosos e uns veráns con temperaturas moderadas. A temperatura media anual é de 14° C. Trátase dun clima temperado e con poucas variacións. Baixo os parámetros do clima, a parroquia presenta excelentes condicións tanto para a produción agrícola como forestal.

2.3.- Atmosfera.

A zona a estudo é de tipo rural, a pouca distancia de núcleos de importancia industrial, pero que sen embargo está cruzada por dúas liñas férreas e unha estrada nacional. Estas son fontes de ruído e, polo tanto, de contaminación atmosférica. Tamén existen dentro da zona canteiras en explotación que emiten po.

2.4.- Orografía.

Desde o punto de vista do relevo, a parroquia de Godos diferénciase en dúas zonas: unha practicamente plana, na marxe do río Umia, situada a menos de 50 m. de altitude, e outra ao Norte, con pequenos outeiros de formas suaves, que ascenden ata os 200 m, onde aparecen enclaves de pendentes fortes ou escarpadas, pero con predominio das pendentes moderadas con aptitudes para a produción forestal ou prados, e incluso para cultivos, aínda que neste caso con certas limitacións

A parroquia de Godos caracterízase pola súa uniformidade, ocupada na súa totalidade por unha rocha de tipo granítico, con enclaves de sedimentos cuaternarios de orixe aluvial.

2.5.- Edafoloxía.

Na zona predominan os solos esqueléticos nos cumios dos outeiros e nas zonas de maior pendente, adquirindo logo maior potencia nas zonas de pendente máis moderada e nas chairas.

2.6.- Hidroloxía.

A parroquia de Godos atópase no tramo final do río Umia, onde predominan xa os fenómenos de acumulación, téndose depositado unha importante chaira aluvial na parte sur da parroquia. O sector norte está ben drenado por pequenos regatos e cuncas torrenciais.

2.7.- Vexetación e fauna.

A parroquia de Godos localízase integramente na Rexión Eurosiberiana, provincia Atlántico-Europea, subprovincia Atlántico-Cantábrica, sector Galaico-Portugués. Os usos do solo son maioritariamente prados e cultivos (un 43,70%) e masas forestais de piñeiro e eucalipto, que xunto con algunha masa de arborado autóctono supoñen o 54,30% da superficie a concentrar.

As características bioxeográficas da parroquia de Godos dan lugar a unha fauna de características similares ao resto das bisbarras interiores de Galicia, pero cunha influencia da zona marítima, dada a súa cercanía. Existe gran número de especies, debido á relativa baixa densidade de poboación e a súa situación intermedia entre a costa e o interior.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL
DILIXENCIA.- Para facer constar que a presente fotocopia é reproducción fiel e exacta da súa orixinal

Santiago, 01 OUT. 2010

Asdo.: Alberto Rodríguez Garrido

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

San Lázaro s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

XACOBEO 2010 Galicia

ANEXO II

CROQUIS DA ZONA DE ACTUACIÓN

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL
DILIXENCIA. Para facer constar que a presente fotocopia é reproducción fiel e exacta de seu orixinal

Santiago, 01 OUT. 2010

Asdo.: Alberto Rodríguez Garrido

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DA Z.C.P. DE GODOS.
PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL.
LOCALIZACIÓN: CONCELLO DE CALDAS DE REIS (PONTEVEDRA).

ANEXO Nº12

INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

ÍNDICE

1. OBXECTO
2. CARACTERIZACIÓN PAISAXÍSTICA
3. RESTAURACIÓN E ACONDICIONAMENTO PAISAXÍSTICO
3.1 Obxectivo
3.2 Condicionantes
3.2.1. Directrices da DIA
3.2.2. Lexislación contra incendios
3.3 Definición das unidades e superficies de restauración
3.4 Especies e tratamentos
3.5 Descrición dos tratamentos de restauración
3.5.1. Estendido de terra vexetal
3.5-1.1. Xestión da terra vexetal afectada polas obras
3.5-1.2. Terrapléns
3.5.2. Linderos arboados
3.5.3. Superficies en contornas fluviais
3.5.4. Vertedoiros de terras
3.5.5. Préstamos de terras
3.6 Época de plantación
3.7 Período de garantía
3.8 Presuposto

1. OBXECTO

O presente documento de integración paisaxística elabórase con obxecto de deseñar as medidas necesarias para lograr a maior integración ambiental e paisaxística posible das actuacións que se levarán a cabo para a execución dos camiños e en cumprimento do apartado 8.1 da DIA.

Así, nesa fase dos traballos, e concretamente no deseño (trazado en alzado, xa que o trazado en planta virá definido polo Proxecto de Acordo da ZRP) e dimensionamento dos camiños, tivéronse en conta as seguintes consideracións de tipo medioambiental:

- Creación de noiros de desmonte e terraplén de menor altura, facilitando o posterior acceso aos predios de substitución.

- No caso de aproveitamento de camiños existente, aproveitamento da calzada existente no caso de ter 3,0 m. como mínimo. Mantemento dos muros tradicionais e vexetación dos marxes. No caso que sexa necesario a ampliación do camiño, esta farase cara a marxe que produza menor afección (muros de pedra en peor estado, especies arbóreas máis xóvenes ou enfermas, menor número de exemplares.....)

- Cruzamento de cursos fluviais mediante ODT de sección adecuada e correctamente instaladas

Ao redactar o presente proxecto, e concretamente ao determinar rasantes, obras de fábrica,… etc., contémplanse diversas medidas encamiñadas a mellorar a incidencia sobre o medio, medidas que se definen con detalle nos Anexos e Planos correspondentes, e que principalmente son as seguintes:

- As rasantes dos novos camiños axústanse o máis posible ás do terreo cun trazado relativamente uniforme, deixando pequenas diferenzas de cota entre o camiño e os terreos colindantes, ao obxecto tanto de permitir un bo acceso ás fincas de substitución, como de non orixinar grandes noiros que incidan negativamente desde o punto de vista paisaxístico.

- Ponse especial coidado nos casos puntuais en que algún tramo de camiño atravesa necesariamente algunha masa arbórea de interese, tramos nos que a rasante se axusta practicamente á cota do terreo.

No presente anexo preténdese recoller as medidas encamiñada a:

- Recuperación, rexeneración, restauración e acondicionamento das superficies alteradas polas obras, xa sexan de noiros, superficies de préstamos o vertedoiros de terras ou espazos empregados como instalacións auxiliares.

- Protección das superficies alteradas pola erosión.

- Contribuír á conservación e integración ambiental do resto de elementos naturais, sociais e culturais implicados no proxecto (leitos, ribeiras, vexetación, fauna, aproveitamentos do solo, elementos patrimoniais...).

Tamén se contempla a valoración económica das labores propostas.

2. CARACTERIZACIÓN PAISAXÍSTICA

O **Catálogo das Paisaxes de Galicia** é un documento de carácter técnico que aborda a primeira etapa do proceso de planificación da paisaxe, consistente na súa análise e diagnose, e que servirá de base para a posterior elaboración das Directrices de Paisaxe.

Neste catálogo clasificase Galicia en 12 grandes áreas paisaxísticas. A nosa zona de proxecto atópase na zona denominada **RIAS BAIXAS.** Dentro das Comarcas Paisaxísticas nos atopamos dentro de **Umia – O Salnés**.



ESTUDIO TECNICO GALLEGO, S.A.	Concello de Caldas de Reis	Data: Abril de 2018	Enxeñeiro Agrónomo
	ZRP GODOS	Escala: 1:500.000	
Ref.:	GRANDES ÁREAS PAISAXÍSTICAS	Nº: A12-1	Alberto FERNÁNDEZ CONDE col. 595



ESTUDIO TECNICO GALLEGO, S.A.	Concello de Caldas de Reis	Data: Abril de 2018	Enxeñeiro Agrónomo
	ZRP GODOS	Escala: 1:500.000	
Ref.:	COMARCAS PAISAXÍSTICAS	Nº: A12-2	Alberto FERNÁNDEZ CONDE col. 595

Dentro das unidades do paisaxe (Catalogo das paisaxes de Galicia) atendendo ao tipo de cuberto do chan a ZRP atópase dentro de distintas unidades (agrosistema intensivo (forestal, mosaico agroforestal)), viñedo y diseminado rururbano..

Atendendo á xeomorfoloxía, a zona atópase dentro da unidade litoral Cantabro-Atlántico a excepción de una pequena zona ao noroeste que se atopa dentro da unidade vales sublitorais.

Dentro da superficie que ocupa a ZRP non se atopa ningún Area de Especial Interés Paisaxísticos das definidas no Catálogo das paisaxes de Galicia, pero si se atopa atravesando o perímetro de concentración a Ruta da Camelia que se atopa sobre a N-640, polo que non se verá afectada.

En canto aos valores paisaxísticos patrimoniais, dentro da zona se atopa a Igrexa de Santa María de Godos (en zona excluída) e a Casa de O Bacelo (ningunha das actuacións se atopa próxima).



ESTUDIO TECNICO GALLEGO, S.A.	Concello de Caldas de Reis	Data: Abril de 2018	Enxeñeiro Agrónomo
	ZRP GODOS	Escala: 1:25.000	
Ref.:	UNIDADES PAISAXE (CUBERTA)	Nº: A12-3	Alberto FERNÁNDEZ CONDE col. 595



ESTUDIO TECNICO GALLEGO, S.A.	Concello de Caldas de Reis	Data: Abril de 2018	Enxeñeiro Agrónomo
	ZRP GODOS	Escala: 1:25.000	
Ref.:	UNIDADES PAISAXE (XEOMORFOLOXÍA)	Nº: A12-4	Alberto FERNÁNDEZ CONDE col. 595



ESTUDIO TECNICO GALLEGO, S.A.	Concello de Caldas de Reis	Data: Abril de 2018	Enxeñeiro Agrónomo
	ZRP GODOS	Escala: 1:50.000	
Ref.:	VALORES PAISAXÍSTICOS PANORÁMICOS	Nº: A12-5	Alberto FERNÁNDEZ CONDE col. 595



ESTUDIO TECNICO GALLEGO, S.A.	Concello de Caldas de Reis	Data: Abril de 2018	Enxeñeiro Agrónomo
	ZRP GODOS	Escala: 1:30.000	
Ref.:	VALORES PAISAXÍSTICOS PATRIMONIAIS	Nº: A12-6	Alberto FERNÁNDEZ CONDE col. 595

3. RESTAURACIÓN E ACONDICIONAMENTO PAISAXÍSTICO

3.1 Obxectivo

O obxecto principal sinalado engádense os seguintes:

- Valoración económica de todos os labores propostos para lograr a integración ambiental do proxecto de camiños secundarios de reestruturación parcelaria de Godos (Caldas de Reis).
- Recuperación, rexeneración, restauración e acondicionamento de todas as superficies alteradas polas obras, xa sexan os noiros dos propios camiños, superficies empregadas como préstamos ou vertedoiros de terras, ou espazos utilizados como instalacións auxiliares.
- Protexer todas as superficies alteradas polas obras da erosión.
- Respectar o resto de condicionantes da Declaración de Impacto Ambiental e do Estudo de Impacto Ambiental do proxecto de referencia.
- Contribuír á conservación e integración ambiental do resto de elementos naturais, sociais e culturais implicados no proxecto (canles, ribeiras, vexetación, fauna, aproveitamentos do chan, elementos patrimoniais, etc)

3.2 Condicionantes

3.2.1. Directrices da DIA

O punto 8.- Integración paisaxística, da DIA, sinala textualmente:

8.1.- Proxecto de restauración paisaxística

Redactarase un proxecto de integración paisaxística axustado ó proceso de concentración parcelaria no que se desenvolvan e presupostен detalladamente os labores de restauración e integración paisaxística necesarios para maximizar a integración ambiental das actuacións. Na elaboración deste proxecto atenderase a criterios de coherencia ecolóxica e paisaxística e terase en conta o seguinte:

- *En canto as especies a empregar:*
  - *Serán autóctonas, tendo sempre presente para a súa implantación as circunstancias edafolóxicas e climáticas da zona a restaurar e que procedan (sexan árbores ou arbustos, matas e/ou herbáceas) da mesma zona ou similar, segundo criterios bioxeográficos, litolóxicos, de vexetación potencial e climáticos, e tendo en canta o disposto na Orde de 17 de marzo de 2005, da Consellería de medio ambiente pola que se aproba a delimitación e determinación dos materiais de base para a produción de materiais forestais de diversas especies no territorio da comunidade autónoma de Galicia.*
  - *Deben ser compatibles co hábitat no que se van implantar. O hábitat, localización ou estación vai estar definido pola interdependencia ou interrelación do clima,· factores fisiográficos (topografía, pendentes, altitudes, exposición), solo ou substrato (perfil, textura, fauna e flora, ciclos de nutrinte, etc.), e factores bióticos.*
  - *Deben ser compatibles entre si, no espazo e no tempo, aplicándose no seu caso os tratamentos oportunos, é dicir, a competencia intra e interespecifica entre as especies que se implanten deben permitir e posibilitar o éxito da restauración, adoptándose ademais, para acadar este obxectivo, os tratamentos que sexan precisos (clarees, rozas, etc.).No caso ele que fora precisa a eliminación dalgún pé de especies arbóreas autóctonas procurarase que sexan replantadas na medida do posible empregándoas na restauración. De todos modos recomendase a súa preservación actuando unicamente sobre exemplares mortos ou moi enfermos.*
- *No caso de que fora necesario a eliminación dalgún pé de especies arbóreas autóctonas procurarase que sexan replantadas na medida do posible, emprengándoas na restauración. De todos modos recoméndase a súa preservación, actuando únicamente sobre exemplares mortos ou moi enfermos.*
- *Maximizarase a diversidade da zona de restauración, tendo sempre presentes as superficies a restaurar e os hábitats presentes.*

8.2- Deseño do novo parcelario

Tal como se contempla no estudo ambiental, no deseño do novo parcelario favorecerase a integración paisaxística dos predios resultantes mediante a conservación do maior número posible de elementos lineais

de interese ambiental como lindes arborados, valados .de pedra, sebes, etc. Para isto procurarase axustar a maior lonxitude posible de lindeiros dos predios de substitución aos citados elementos.

3.2.2. Lexislación contra incendios

Como condicionante, á hora de seleccionar especies vexetais para a restauración vexetal e paisaxística, terase en conta a lei autonómica galega Lei 3/2007, do 9 de Abril, de Prevención e Defensa contra vos Incendios Forestais de Galicia.

Dita lei sinala no artigo 21:

"Artigo 21: Redes secundarias de faixas de xestión dá biosfera. c) Ao longo dá rede de autoestradas, autovías, vías rápidas e estradas, deberase xestionar a biosfera vexetal de acordo cos criterios estipulados nesta lei, nos terreos incluídos na zona de dominio público. [...] non poderá haber árbores dás especies sinaladas na disposición adicional terceira desta lei."

Disposición Adicional Terceira:

Determínanse as seguintes especies para vos efectos dá xestión dá biosfera vexetal e dá ordenación dás repoboacións forestais, e vos termos establecidos nesta lei:

- *Pinus pinaster (piñeiro galego, piñeiro do país)*
- *Pinus sylvestris (piñeiro silvestre)*
- *Pinus radiata (piñeiro de Monterrei)*
- *Pseudotsuga menziesii (piñeiro de Oregón)*
- *Acacia dealbata (mimosa)*
- *Acacia melanoxylon (acacia negra)*
- *Eucalyptus ssp (eucalipto)*
- *Calluna vulgaris (queiruga)*
- *Chamaespartium tridentatum (carqueixa)*
- *Cytisus ssp (xesta)*
- *Erica ssp (uz, carpaza)*
- *Genista spp (xesta, piorno)*
- *Pteridium aquilinum (fento)*
- *Rubus spp (silva)*
- *Ulex europaeus (toxo)*

Aínda que os camiños de concentración parcelaria en principio non quedarían incluídos no mencionado artigo 21, terase en conta a recomendacións da lei 3/2007.

3.3 Definición das unidades e superficies de restauración

